





venta de palafre silenciada



ESPECIAL FRANCISCA HERRERA GARRIDO



ACLARACION

Festa da palabra silenciada

Coordinación, María Xosé Queizán.

Maquetación, Margarita Ledo Andión.

Ilustración, Berta A. Cáccamo (portada, 1 e 51) e Aurichu Peireira (15, 18, 19, 21, 29 e 47)

Colaboradoras, Camino Noia, M. Ríos Panisse, M. Xosé Queizán, Isabel Mouriz, Ana Romani, M. José Canitrot, M. del Carmen Perez Pais, Carmen Blanco, Susa Juanatey, Amanda, Emma Luaces, Cristal, Charo Pita, Rita Más Ibañez, Marisé Bugallo, Ana Antonio, Carys Evans, Helena Villar Janeiro, Marita Otero.

Imprimiu, Artes Gráficas Galicia, S.A., Vigo.

A nosa pretensión é insertar en cada nº da FESTA DA PALABRA SILENCIADA un monográfico dedicado a unha creadora, intentando analizar a súa obra desde as nosas perspectivas de mulleres galegas. O noso traballo irá focado a espallar moitas desas palabras silenciadas ou pouco e parcialmente divulgadas. Tal é o caso de Francisca Herrera Garrido, a quen lle dedicamos este nº. A súa obra, agás Néveda en edición preparada por María Camiño Noia e editada no ano 1981, non está asequíbel ao público.

Infelizmente non podemos solidarizarnos coa ideoloxía que se desprende da obra de Francisca Herrera Garrido nen coa visión da muller que nos ofrece. A súa obra é reaccionaria. Pero de todos modos non debemos esquecer que as mulleres son o centro na súa literatura e que sinte un sincero amor e grande simpatía por elas.

Como comprobaredes na lectura dos traballos, a obra da "Paquiña", como era coñecida familiarmente, non está exenta de interés, tanto que mereceu no seu tempo ser elixida para ocupar unha cadeira na R. Academia Galega. Non chegou, por motivos que descoñecemos, a ocupar o seu posto, co cal perdemos a única oportunidade de estarmos as mulleres representadas entre OS SABIOS do noso país.

Como desagravio a esta frustrada académica e sobre todo pola dignidade da súa obra, solicitamos aos académicos que o DIA DAS LETRAS GALEGAS DE 1986 se lle dedique a Francisca Herrera Garrido e que se publique debidamente a totalidade da súa obra.

FRANCISCA HERRERA GARRIDO

O exercicio da escritura require unha serie de condicións entre as que, por veces, o coñecemento fondo da lingua empregada resulta se-lo menos importante. Digo isto como anticipo ós datos biográficos que vou aportar sobre Francisca Herrera porque resulta un feito curioso, anque explicable sociolóxicamente, que a maior parte da produción literaria en lingua galega fose escrita por castelán-falantes, o castelán era para estes escritores a lingua veicular en tódolos actos de comunicación, o galego servíalles de lingua literaria.

Os galegos-falantes de comezos de século non tiñan as condicións requiridas para poder exercer de escritores. Van se-los membros da burguesía acomodada, castelán-falantes, os que escriban en galego; só eles tiñan acceso á cultura académica e posuían un cuarto independente no que poder reflexionar sobre un papel.

Francisca Herrera Garrido pertence a esta clase social. Nace na Coruña en 1869 filla dun rentista (que ademais negociaba coas rendas das terras) e neta dun famoso banqueiro coruñés. Era a menor de cinco irmáns e pasou unha infancia chea de atencións e de cuidados. O seu avó, que era o patriarca familiar, reunía na súa casa solariega a irmáns, primos e tíos pasando longas temporadas de veraneo. Francisca Herrera recordaba estas estadías na casa de "Papá Andrés", como lle chamaban ó avó, como épocas de intensa felicidade. Os xogos entre os curmáns e a convivencia coa súa longa familia enchían a vida da nosa escritora.

Despois de mortos os pais, Herrera permanece na Coruña aproximadamente ata 1915 ano en que marcha a Madrid, onde residían dúas das súas irmás, para vivir coa maior delas.

Os anos de infancia e xuventude foron tempos felices para Paquiña (así lle chamaban os seus familiares). Formada nun fondo respecto ás tradicións familiares, disfrutaba coa convivencia dos seus parentes e levou unha vida de familia moi intensa.

Fora educada tamén nunha viva fe relixiosa e adicaba parte do seu tempo á realización de prácticas relixiosas, tiña unha devoción extremada pola Virxe María. Toda esta actividade cadraba ben nunha muller cun temperamento romántico e cun carácter doce e afable, que lle permitía idealizar fácilmente a realidade e non pedirle demasiadas cousas á vida. Tamén en consonancia con isto, cultivou Herrera un sentimento materno-filial dunha forma cáseque mística, a súa nai representaba para ela o "gran amor" da súa vida, estando convencida de que por este amor debía sacrifica-los seus intereses.

Polo que respecta á formación cultural, foi semellante á de calquera outra muller da súa clase social, respondía ós esquemas que a sociedade daquela época lle asignaba a este tipo de mulleres, unha formación xeral completada, cáseque seguro con clases de piano. O único que diferenciaba a formación de Herrera das señoritas do seu tempo eran as frecuentes lecturas que dende moi nova facía.

Na súa longa familia non se coñecen persoas que adicasen tempo á literatura, a súa formación literaria foi autodidacta. Rosalía vai se-la primeira mestra no arte de versificar. Os libros da escritora de Padrón tíñaos Herrera como lecturas de cabeceira, segundo nos conta ela mesma, dende os doce anos.

Ten Francisca Herrera, na súa xuventude, unha vida social moi activa, asistía ás tertulias de familiares e amigos, ós bailes das sociedades recreativas e mesmo noutro tipo de actividades sociais onde asistisen parentes seus podíase atopar á nosa escritora; e neste mundo destacaba polo seu carácter simpático e a súa actitude extrovertida e falangueira, pero tamén era admirada pola cultura libresca que posuía; coñecía como "La letrada" e con este alcume distinguíana das súas irmás.

Foi a única das irmás que queda solteira. Tivo relacións cun mozo de pouca saúde e chegou a estar comprometida de casamento con el, pero morre poucos meses antes de celebrarse a boda e, parece que, Herrera non quixo volver a ter relacións amorosas con outros pretendentes.

Da vida de Herrera en Madrid, onde pasa os invernos a partir de 1915, sabemos pouco. Asistía como na Coruña ás tertulias da familia e nalgúns ocasións ó teatro e ós conciertos coas curmáns. Os veráns volve a Oleiros (A Coruña) e alí nunha casiña alugada vai ser onde escriba a maior parte dos seus libros. Comenza, pois, a actividade literaria cando xa ten cumpridos os

corenta anos, o primeiro libro de poesías aparece en 1913 en Madrid, *Sorrisas e bágoas*. É no ambiente rural de Oleiros de onde Herrera recolle os tipos dos seus personaxes, a paisaxe e os motivos que van aparecer nas súas obras.

Os anos de 1913 a 1925, son os anos en que escribe e publica as súas obras en lingua galega, unha época de moita actividade na nosa literatura, sobre todo polo labor editorial que ten lugar naquel momento. Na Coruña publica Herrera os libros *Almas de muller...* / *Volallas na luz!* (1915), *Frores do noso paxareco* (1919) e *Néveda* (1920) e debemos supoñer que mantiña relación cos intelectuais galeguistas e con algúns escritores da época, de termos en conta que o seu segundo libro, *Almas de muller...* leva un limiar de Manuel Murguía; ademais Herrera prologará unha edición de *Cantares Gallegos* de Rosalía, publicada en Madrid en 1925 e publica varios artigos e un conto na revista *Nós*, así como dúas noveliñas nas editoriais Lar da Coruña, que rexentaban os irmáns Carré Alvarelos, e na Céltiga do Ferrol. Así pois, inda que Herrera, que daquela pasaba os invernos en Madrid, non asistise nin ás tertulias da Cova Céltiga nin ás outras reunións que frecuentaban os intelectuais galeguistas da época, sen lugar a dúbidas hai que supoñer que tiña contactos con eles e que non estaba á marxe do que pasaba nos medios literarios do seu entorno. Sabemos tamén que nesta época da súa vida tiña amizade co poeta coruñés Gabino Díaz de Herrera e co narrador en lingua galega Xosé Lesta Meis.

En Madrid publica tres novelas en lingua castelá (*Pepiña*, 1922; *Réproba*, 1926 e *Familia de lobos*, 1928) e escribe varios artigos en revistas e xornais.

Os auténticos problemas vitais comenzan para Herrera coa Guerra Civil Española, ela, que como as mulleres da súa clase non exercía un traballo remunerado e vivía das rendas herdadas e por outra parte non tiña idea ningunha dos acontecementos políticos e das situacións económicas que estes provocaban polo que non toma precaucións ante os conflitos sociais que teñen lugar. Así que despois da Guerra tanto ela como a súa irmá maior, coa que vivía, quedan na auténtica miseria. Nos vísperas do chamado "Alzamiento" as irmás Herrera Garrido marchan de Madrid para Oleiros esperando que os acontecementos políticos non pasasen de revoltas ocasionais e que unha vez rematado o verán poderían voltar á súa casa madrileña, onde deixaran todo o que tiñan de valor ("plata, las alhajas y la pintura", díxonos unha das súas primas). En bancos madrileños deixaran os cartos e as accións que tiñan. Nada disto van recuperar e as pobres irmás encóntranse no inverno coa roupa de verán e sen posibilidades para poder mercar outra nova nin colle-la vella. Pasan como poden os tres anos da guerra en Oleiros, e mesmo ó remata-lo conflito marchan a Madrid para tratar de recolle-las súas cousas. Encontráronse coa casa saqueada, alí non había nada de valor e os bancos non se fixeron responsables dos valores que deixaran gardados antes da guerra. Volver á Coruña

"sen chica" e alí viven da caridade dos parentes ata que a situación social se vai regularizando e conseguen recuperar parte dos cartos, con todo, tampouco os intereses deste diñeiro chegan para moito e as pobres irmás levan unha vida miserable. Viven nun pisiño alugado na rúa do Príncipe da Coruña cunha criada do seu tempo que levaba moitos anos coa familia e que, din os seus parentes, foi a que en moitas ocasións conseguía a comida e algúns cartos para poder subsistir. Nestes anos de indixencia as dúas irmás deberon ser unha institución entre as "boas familias" coruñesas. Cando eu recollía información sobre Herrera e preguntaba nalgunhas casas da Coruña falábanme de *Las Paquiñas*, a última lembranza que tiñan de Herrera estaba unida a súa irmá Queta, ámbalas dúas, provocando a compasión dos seus coñecidos. Nunha carta, que dende a Coruña databa no ano 1941, escribe Herrera, laméntase do caro que está todo e do mal que o pasan. Non teñen azucre e sérvense duns caramelos como sucedáneo para poñer doce o leite. Afirmo que están pasando moitas privacións.

Nesta época Herrera leva unha vida retirada, "da casa para a igrexa", escribe poesías, traduce ó galego algúns poemas relixiosos e comenza a escribir unha novela en castelán. Asistía tamén, inda que con moita menos frecuencia que na xuventude, ás tertulias na casa dos amigos e durante os veráns daba longos paseos por Oleiros.

En sesión da Real Academia Galega do 4 de marzo de 1945 Francisca Herrera foi elexida

membro da Academia inda que por razóns, que inda hoxe están pouco claras, morre en 1950 sen tomar posesión do asento académico, con tódolos trámites previos xa concluídos desde o vinteito de febreiro de 1949, data en que Antonio Couceiro Freijomil envía a Academia a resposta ó discurso da entrada que Francisca Herrera tiña mandado a esta nobre institución o 11 de abril de 1945, acompañado dunha carta na que manifesta a súa grande ilusión por ser académica.

Os últimos anos da vida da nosa escritora, que pasa convivindo coa súa irmá Queta e con Josefa, a súa criada, foron anos moi penosos na vida destes seres. Posiblemente, debido ás penurias económicas que lle producían penurias morais e síquicas, acabaron lelas; o carácter de Paquiña, de natureza doce, agriouse e non aguantaba que lle levasen a contraria. Contáronme que as dúas irmás, que eran inseparables e que se protexeron e axudaron sempre, tiñan frecuentes e airadas discusións sobre calquera tontería, que foi gracias a Josefa, que lles adicou a vida cun desinterés total, como foron aguantando as mutuas impertinencias e pasando estes tristes anos.



NEVEDA, PRIMEIRO ACERTO

INTRODUCCION

Ó achegarme á novela de Francisca Herrera Garrido a reserva e a desconfianza cara á obra eran os sentimentos que mellor definirían a actitude que me dominaba. Reserva e desconfianza motivadas, sobre todo, pola fama de "romántica" que tiña a autora e que me facían imaxinar un folletón intragable ó estilo dalgunha das novelas das famosas irmás Dora e Pura Vázquez. Pero estes sentimentos iniciais foron trocándose en agradable sorpresa ó introducirme na lectura de Néveda, deixándome levar polo atractivo lingüístico que xorde desde o inicio do prólogo e se mantén ata o fin da obra.

O certo é que tematicamente, agás algúns anacos descritivos de grande beleza emotiva, atopamos

unha historia lineal na que os personaxes son someramente caracterizados seguindo uns rasgos de bondade (ligada case sempre á relixiosidade) ou maldade (nunca pintada con cores moi sórdidos). Neste aspecto o personaxe máis traballado é o do Xuiz (D. Seixo), no que dan lixeiros altibaixos de carácter. Os outros son verdadeiramente "descafeinados". Pero tamén é certo que, se a nivel temático a obra non é de destacar, si resulta importante para a Literatura en dous aspectos, sinalados xa con anterioridade por D. Ricardo Carballo Calero(1), que son os da súa lingua e do seu estilo.

Sinalara, pois, D. Ricardo Carballo os valores que eu considero esenciais dentro da novela, pero en forma xeral (como corresponde a unha Historia Xeral da Literatura), sen pararse á analízalos en pormenor.

Eu intentarei facelo con máis detalle, estudiando algúns dos recursos lingüísticos formais polos que creo que a prosa de *Néveda* representa un avance narrativo importante (aínda que tardío) na nosa, entón, cativa prosa.

DIRECTRICES NA PROSA DE NEVEDA

Hai na novela tres directrices esenciais vinculadas a elementos de variada orixe:

a) Por unha banda están os relacionados cunha figura literaria concreta: *Rosalía de Castro*, que foron anteriormente sinalados por Camino Noia(2) e por D. Ricardo Carballo Calero: "Francisca posee

un senso de vida campesiña, un sentimento da alma popular semellante ao da nosa grande lírica(3)".

b) Hai tamén en Néveda elementos que veñen do gusto estético da época, relacionados sobre todo coas ideas de *ruralismo* e *enxebriismo*, constantes temáticas da nosa literatura que perduran ata os nosos días, abrollando de cando en vez coma os famosos ollos do Guadiana.

c) E hai, por último, un *clima esteticista* que a autora integra dentro da narración e que dá a esta esa orixinalidade que a fai sobresaír sobre a cativa narrativa anterior. Clima esteticista que consegue a autora moitas veces a través do impresionismo, sensación que as cousas provocan e non as cousas mesmas. Creo que a intención da autora que hoxe interesa non é a de conta-lo argumento, nin a de describi-lo ruralismo dos ambientes (moito mellor captado posteriormente por outros escritores realistas ou costumistas) senón a de describi-la beleza da terra, dos seus habitantes e costumes, que consegue recreándose en pinta-las vestimentas (ex. páx. 61)(4), as paisaxes, os cores e os sonidos (ex. páx. 151), vivificando os seres e as cousas por medio da prosopopeia coa que se permite facer xogar ó sol, ó silencio aseñorarse das xentes, ó vento apañar voces de neno e bailar ás ventisqueiras (e todo isto na primeira folla da Introducción da novela).

A este esteticismo débemos moitos dos usos lingüísticos

M. Ríos Panisse



existentes na obra. Destacaremos algúns.

USOS LINGUISTICOS INTERESANTES:

I) *Riqueza léxica*

Comenzaremos falando da riqueza léxica da novela, recoñecida por tódolos seus críticos. Non pararei a citar exemplos pois abonda con le-la obra ou ve-lo vocabulario final da edición preparada por Camino Noia, para comprobalo. Pasemos, pois, a analizar outro aspecto: os valores e usos máis interesantes das distintas clases de palabras.

II) *O adxectivo.*

O adxectivo axuda ó sustantivo coa súa valoración significativa, estética e emocional.

Dona Francisca acompaña, as máis das veces, ós sustantivos que usa do seu correspondente adxectivo. Así: a humildade é *morna* (p. 52), os pés *alteirosos*, *laberlnticas* as roseiras (p. 62), etc. Vexamos como exemplo desta abundancia de uso do adxectivo parte da descripción de Misía Rosario que aparece na pág. 45: (...) "as maneiras *cortesas*, *fidalgas*, *calmosiñas*, o vivo ollar adozado polo vidro dunhas antiolleiras, os beizos *tributarios* de *mansa* sorriso, e de cote, *tratable*, *falangueira*, *donosa*, *limosneira*".

Colocación e usos do adxectivo.

A dobre adxectivación é abundantísima na obra e

preséntase de moi diferente forma, condicionada por motivos musicais e *rítmicos máis ca significativos*: un deixo de vontade *ferrosa*, unha firmeza case que *dureira* (p. 93) / Aquela vida *trizada*, aquela morte *tempraneira* (p. 104) / *esbagallados* os ollos *apertadiños*, *alporizados* os cabelos *suentos* de seu (p. 177) / *xeitosa* e *lene* gravidade (p. 35) / *algareira* e *donosas* cantas (p. 35) / fala *acongoxadiña* e *aterecida* (p. 89) / porvir *vizoso* e *esclarecido* (p. 93) / Púxose *brancuxada* e *fría* (p. 90) / Respondeu *sorrente* e *tranquilla* (p. 95). Nun estudio máis pormenorizado poderíanse ve-los diferentes matices que se dan neste tipo de adxectivación (ás veces física e moral, antitética, sinónima, predominando a sensación de tacto ou vista, etc.).

O adxectivo isolado aparece tamén por veces, producindo cortes na frase e reducindo a cadencia tradicional a unidades máis breves: a leña, *lécere*, non ten puxanza para arder (p. 37) / o alento, *velalño*, que lle parez abondo lixeiro (p. 75).

Outro aspecto adxectival conséguese co uso de enumeracións moi abundantes e ricas en matices, que imprimen á narración vida, sensación de rapidez e caracterización impresionista: A costureira do Anxo, *humildosa*, *abaixada*, *guieira*, *fraterna* (p. 68).

A adxectivación metafórica (moitas veces de tipo sinestésico e prosopopeico) é tamén na novela interesante: *limpa* fala / *sonroxosos* segredos (p. 154) / honestura *murchada* (p. 142) / ollada *iradlsima* (p. 135).

III) *O sustantivo.*

Se no adxectivo viamos, sobre todo, un adorno, o sustantivo vai representar, xuntamente co verbo, a busca de orixinalidade e condensación de significado.

Tipos de sustantivos.

Na novela hai principalmente tres tipos de sustantivos:

1) Sustantivos concretos usados en sentido figurado, intensificando a significación que deberían ter. Así: *canga* por *responsabilidade* (p. 65) / *reviraganchos* por *letras* de difícil lectura (p. 66) / *lameira* da soberbia por *mundo vicioso* (p. 69). Neste uso metafórico intensivo notamos que a autora non sae do limiar establecido pola creación lingüística popular. Deste xeito ademáis de intensifica-lo significado reforza o enxebrismo.

2) Sustantivos renovados a partir dun novo sufixo.



A creación de moitos dos sustantivos abstractos da autora é un dos aspectos lingüísticos máis curiosos da novela. Segue un proceso que consiste en usar un sufixo diferente do usado normalmente pola lingua, aínda que acorde coa natureza dela. Diríamos que son sufixos que non están no uso pero que están na norma. Por exemplo:

– *(sil)dade*
amorgosidades (p. 59) e non *amarguras*.
tediosidade (p. 112) e non *tedio*.

– *anza*
moranza (p. 63) ou *moranza* (p. 117) e non *morada*.
obriganza (p. 63) por *obriga*.

– *mento* (principalmente para sustantivos de orixe verbal).
tanxemento (p. 65) de *tanxir*.
erguemento (p. 65) de *erguer*.

– *eiro*
remedeiro (p. 75) por *remedo*.
silandeiro (p. 89) por *silencio*

– *ura*
grandura (p. 96) por *grandeza*.
tercura (ps. 113, 135) por *terquedade*.

E moitos máis que farían esta enumeración inacabable.

A finalidade destas innovacións é evidentemente a intensificación do significado, do enxebrismo e da sonoridade.

3) O terceiro tipo de sustantivos que chaman a atención na prosa de Néveda non van xurdir dunha substitución, como nos dous casos anteriores, senón da busca de sustantivos sonoros e denotadores. O mesmo título da novela pode *servir de exemplo pero vexamo-los* que aparecen na p. 63: *leros*,

deixo, lampo, runflós, zarabea, crico, perfebas, boloarto e albenda.

IV) O verbo.

A mesma sensación que produce o uso do sustantivo vai percibirse co das formas verbais. De tódolos xeitos nos verbos non vai emprega-la autora o recurso da modificación de forma esperada a través do cambio de sufixo (como lembremos facía co sustantivo), agás en casos esporádicos:

tranquilar (p. 129) por *tranquilizar* / *esperanciar* (p. 80) por *esperar* ou *ter esperanzá*. O que aproveitará, sobre todo, será a escolla do verbo sonoro e cargado de significación: *eivar* (p. 62), *acorar* (p. 62), *alforxar* (p. 63), *trincar* (p. 65), *enzarillar* (p. 67), *apadumar* (p. 68), *amotuxar* (p. 68). Esta carga significativa vai conseguida moitas veces a través dun uso metafórico do verbo: *follear* na alma (p. 69), *tronzaba* unha senda, *cortaba* un regato (p. 55), o home... *rumioulle* rindo (p. 69).

Poetización da prosa.

O temperamento poético de Herrera Garrido fixo que trasladase á frase narrativa moitos dos elementos propios da poesía. Algúns deles foron xa analizados nas páxinas anteriores: tipo de adxectivación, enumeracións, etc. Quedan, sen embargo, aínda outros que cremos son esenciais e que veremos agora:

a) A comparación:

Sérvelle para florea-la súa prosa e alonga-lo período frásico, seguindo aínda neste aspecto, o gusto romántico. Dous tipos de comparación vexo eu na novela,

aquela que poderíamos denominar *enxebrista* ("o seu corpo lanzal e deble *como bimbio novo*" (p. 167) / "falaba o reo *como pega charladora*" (p. 167) / "fixeche *como a toupa.. que trocou os ollos polo rabo*" (p. 177) e un segundo tipo que eu denomino *poética*, coa que a autora adorna a frase, ás veces ata límites increíbles: O meu amor séguete tamén *como volteia o ariolo arredor desta terra espinosa na que vas quedar tan solfa*" (p. 89) / tornaba os seus brazos persureiríña e agarimosa *como pomba que atopa o seu niño perdido. Como cadeliña mimosa buscando achego e arrimo, afundindo o bico, all onde lle prestaban máis alforxo* (p. 102).

b) A metáfora:

Sérvelle tamén de alongamento *rítmico da frase*. *Xa no apartado do sustantivo e do verbo viamos algún uso metafórico destas partes da oración, veremos agora a metáfora frásica, moi abundante na novela. No seu uso notamos aínda, nalgún caso, a presenza do término da comparación que dá pe á metáfora: O tesouro de seda palliza, de ouro bruñido que lle servía a Amparo de cabeleira* (p. 48). Noutros casos a metáfora é total: abre os brazos, cinguindo con eles *aquela roseira de briz* (= a nena) (p. 63).

c) A prosopopeia:

Xa falamos tamén do recurso da prosopopeia que desde a introducción invade as páxinas de Néveda, pero completaremos aquí a análise dalgúns aspectos que non foron tocados anteriormente. Coa prosopopeia Herrera Garrido consegue. ás veces, da-la

impresión de que non é o personaxe o que vive e actúa, senón os seus sentimentos, modos de obrar ou o seu entorno: "unha vez máis *ferluno aquel deixo aguerrido e saudoso*" (p.63).

"Deixouse caer. D. Serxo nun alto sentadeiro diante da mesa na que tanto *xeirearon dores propios e alleos*... Esta noite o home vai ser xuíz naquela cousa que *pleitea* fai tempo dentro do seu corazón". (p. 74). Outras veces é o entorno alleo ós protagonistas o que se presenta como vivo e actuante. Desta maneira a autora realiza, parcialmente, unha das razóns da novela: a presentación do seu amor e admiración pola terra e paisaxe galegas. Vexamos algún exemplo: "Aquele noite o *lume* da chaminea *chasqueaba con xúbelo* e a *sombra bailaba* nos muros e *ría* nos curros, que o lumieiro das velas deixaba en tebras" (p. 74) / "a *rula adoecla, chorando* polos corazóns sen amor" (p. 161) / a *tarde daba as boqueadas* (p. 63) / *vestían as árbores as súas toucas de flores* (p. 151).

VI) *Adecuación da frase ós sentimentos dos personaxes:*

En Néveda atopamos moitas veces a sensación de que a autora quere adecuala frase da narración ós sentimentos internos existentes nos seus personaxes. De aí o grande número de exclamacións, interrogacións retóricas, anacolutos e puntos suspensivos que hai na novela. Por iso tamén, nos momentos de máis tensión notamos unha frase curta, breve, nervosa: Amor ou piedade, Serxo comenzaba a loita, sentiuse preso nela. Entroulle ardicia do triunfo (p.

47) / ¿E a miña irmá?
¿Consentiría?... ¡Xamais!... ¿Quen sabe? (p. 49).

CONCLUSION

Non quixera terminar esta breve análise de *Néveda* sen facer unha síntese dos aspectos positivos e negativos, máis relevantes, que vexo nela.

Esta novela representou para as letras galegas a creación dunha prosa estilisticamente moi cuidada, dunha prosa artística. Ata ela os poucos novelistas existentes na nosa lingua só se preocuparan de escribir en galego. Herrera ten outra preocupación: escribir *literariamente* en galego. Claro que esta preocupación non sempre beneficia á novela. O excesivo adorno dá orixe, moitas veces, a un tipo de frase longa, rimbombante, de corte romántico, desfasado para os anos de publicación da obra.

Por outro lado, se de defectos se trata, non convén esquecer que a novela a nivel temático non pasa de ser un esbozo lineal duns *personaxes románticoídes nos que* a problemática, educación, mentalidade e concepto do mundo quedou tan superado que, hoxe en día, o lector medio non se identifica con eles. Mesmo o simbolismo de identificación Néveda-Galicia que podía dar certo atractivo ó personaxe central está presentado dun xeito tan infantil, cun idealismo tan tópico e superficial que produce máis sorriso ca emoción.

Aínda así penso que co meu traballo deixo claro o esforzo e os

logros que a nivel lingüístico e estilístico conseguiu Francisca Herrera Garrido. O máis asombroso deste feito é que se trata dunha muller urbana, da clase media acomodada, pertencente polo tanto a un mundo cheo de prexuízos en contra da lingua e dos falantes galegos. E esta muller, en 1920, soubo, non só superalos, senón demostrar que a nivel artístico a lingua galega podía empregarse na prosa como calquera outro idioma de tradición cultural. Aprendamos pois dela, polo menos esta lección.



(1).- R. Carballo Calero: *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, Segunda ed. Vigo, 1975. p. 497.

(2).- Camino Noia, *Limiar de Néveda* de F. Herrera Garrido, Ed. Xerais de Galicia, Vigo 1981, p. 12.

(3).- R. Carballo Calero, o. cit. p. 494.

(4).- Tódalas notas referidas á novela responden á edición publicada por E. Xerais, citada na nota 2. Aínda que nesta segunda edición de Néveda a ortografía aparece corrixida, cremos que ningunha das correccións lingüísticas feitas por Camino Noia envalida as nosas conclusións sobre os valores lingüístico-estilísticos da autora.

TEXTOS CRITICOS

Académica electa

Francisca Herrera Garrido foi elixida membro da Real Academia Gallega en sesión celebrada o 4 de marzo de 1945 pra ocupa-la vacante do poeta Lisardo R. Barreiro, inda que morreu no ano 1950 sin tomar posesión do asento académico.

O día 11 de abril do mesmo ano 1945 Herrera entrega o discurso de ingreso na Academia acompañado dunha carta ó Presidente Manuel Casás na que humildemente lle autoriza pra tachar e correxir todo aquilo que estime oportuno. Prégalle que lle indique a data na que fará o ingreso na Academia: "He de agradecerle infinito la fecha en que ha de ser leído: (no se sonría...) ya que he oído siempre una misa, en días de emoción espiritual".

O discurso de ingreso que consta de doce cuartelas mecanografiadas a dobre espacio por unha carilla é un canto de loubanza á súa admirada predecesora Rosalía e ós poetas "de raza". Non se esquece de gabar a fecundidade de Galicia a quen compara cunha nai amantísima: "Galicia la tierna madre de sus fidelísimos hijos /.../ Galicia es madre y coloca una corona de laurel sobre la fosa de cada uno de sus poetas idos". Fai continuas alusións relixiosas a Cristo, Deus e a Virxe e, chea de modestia pide perdón "por la efectiva temeridad de aceptar tan destacado puesto, entre personalidades cumbre /.../. Es la mujer gallega, que comienza su discurso de entrada en tan cultísimo centro literario con una

oración y una modesta reverencia..."

Este discurso mandóuselle o 17 de xaneiro de 1947 ó académico Antonio Couceiro Freijomil pra que lle escribise a resposta, dous anos despois de telo presentado a súa autora. Couceiro, catro anos mais tarde, o 28 de Febreiro de 1949, envía a súa resposta ó Presidente da Academia cunha carta na que pide perdón pola demora con que o fixo: "Verdaderamente la tardanza en cumplimentar este encargo no tiene disculpa. No la pretendo tampoco. Unicamente le ruego un generoso perdón".

Na resposta, tan madurecida, o Sr. Couceiro con ampulosa prosa fai una loubanza das poesías galegas de Herrera, facendo continuas referencias ós poetas que a precederon, e remata o seu discurso decindo: "Rompiendo una costumbre que no se explica sin otorgar absurdas concesiones a un impulso atávico de fondo semítico, carente de base (no texto está tachada a palabra "valor") entre nosotros, la R.A.G. recibe hoy jubilosa entre sus miembros numerarios, por vez primera, a una mujer. Queda así reafirmado que nuestra Academia — en cuyos tiempos de iniciación tuvo por presidente honorario a D.^a Emilia Pardo Bazán — *no es coto cerrado para el sexo femenino*" y que se halla a tono con la consideración de la mujer, al amparo de los ideales cristianos, ha conquistado en la sociedad moderna".

Como xa dixemos Herrera morre en 1950, cinco anos despois de presenta-lo Discurso de Ingreso na R.A.G. sin chegar nunca a

tomar asento nesa institución. E trinta e cinco anos despois desta data a R.A.G. resulta un coto privado do que as mulleres non poden formar parte. Acaso pensen algúns inxenuos que iso sucede porque non hai mulleres cunha obra de valía pra ser membros desa institución. A estes invitámoslos a revisa-la obra dalgúns dos ilustres homes que forman parte da Academia e logo pedímoslle que a comparen coa obra das poucas mulleres que teñen escrito en lingua galega.

Así pois, pese ás palabras de Couceiro todo nos fai pensar en que non había desexos de sentar un precedente coa entrada dunha muller na R.A.G. Cinco anos resultan excesivos pra levar adiante os trámites burocráticos. Hai que ter en conta ademais que no ano 1945 F. Herrera tiña 76 anos e estaba enferma.

M. C. Noia: *Limiar á 2.^a ed. de Néveda* (1981)

ENTREVISTA CON D. RICARDO CARBALLO CALERO

CONSIDERAMOS QUE D. RICARDO CARBALLO CALERO, O TESTO E AO TEMPO LUCIDO ESTUDOSO DA NOSA LINGUA E LITERATURA, ERA A PERSOA INDICADA PARA ACHEGARNOS A DONA FRANCISCA HERRERA GARRIDO. NUNHA LONGA CONVERSA FALAMOS DA AUTORA, DA SUA OBRA E DA IMPORTANCIA DA MESMA NO TECIDO DA NOSA LITERATURA.

— Fca. Herrera Garrido foi unha seguidora de Rosalía, unha entusiasta da obra rosaliana. Parece ser que se coñeceron personalmente. ¿Que sabemos desta relación?

— Non teño información sobre este feito. Descoñezo se existe documentación. Cabe a posibilidade de que se interpreten abusivamente as efusións dela e a devoción que tiña por Rosalía. Rosalía impón o selo na obra de Fca. Pero é incapaz de assimilar a forza, a protesta da obra rosaliana. Na obra de Fca. está presente o amor aos humildes pero non existe protesta. Ela é conformista.

— Insistindo niso, ¿que afinidades e diferencias, tanto temáticas como estilísticas, encontramos entre Rosalía e Fca?

— A poesía de Fca. Herrera Garrido está inspirada nos costumes e no sacrificio das mulleres. É unha temática feminina, non feminista. Reflexa os valores convencionais e a debilidade feminina. Mostra mulleres que cultivan a ternura. Rosalía tamén rexistra iso. Mais Rosalía describe tanto mulleres de aldea como as dos salóns de

Madrid. Traza mulleres de moito encanto. Fca. mostra só mulleres do campo. É unha Rosalía mutilada. Discípula de Rosalía dos "Cantares" pero máis sentimental. En Rosalía hai ironía, travesura. Fca. non atinxe ese vigor. Hai apenas identidade coas dores e misérias das mulleres da aldea.

— A Herrera é unha escritora romántica ou modernista?

— Non se pode considerar modernista. Non seguiu a evolución do seu tempo. Ten raíces románticas. Podemos situala dentro dun realismo incipiente, un realismo romántico. Como Fernán Caballero acumulaba resíduos románticos na concepción do mundo.

Fca. é unha narradora máis que poeta. Os textos orixinais son contos, poemas narrativos. O pertinente na obra son estes poemas que pon en nome dos personaxes e reflexa a abnegación das mulleres, este negar-se a si mesmas para afirmar-se, sacrificarse en beneficio de outras persoas. Hai toda unha exaltación e simpatía pola muller tradicional.

— ¿Por que unha señorita da Coruña, pertencente á clase privilexiada, escribe en galego e sobre as labregas? ¿Por mimetismo co tema ruralista, tan abondoso na literatura daquela? ¿Porque considera á lingua galega máis axeitada para eses temas?

— Fca. tiña sensibilidade poética e ademais grande capacidade de comprensión e simpatía polos humildes. Estaba preparada para sentir como propias as desdidas e calamidades das mulleres galegas. Coñecía a aldea: Oleiros. Aínda



María Xosé Queizán

que pertencera a outra clase social, tiña capacidade de asimilación da vida aldeá e da heroicidade do cotidiano. Por outra parte, como xa dixemos, leu a Rosalía e quixo continuar o seu camiño. Por razóns das propias limitacións e preferencias escolleu só unha parte da obra rosaliana como estímulo.

— Fca. Herrera Garrido, tiña, sen dúbida, un amplo coñecemento do galego. Hoxe, unha rapaza da Coruña, da clase social á que pertencía ela, pode non empregar o galego nunca o mesmo descoñecer totalmente a língua do país. ¿Había, daquela, un maior coñecemento do idioma, mesmo polas clases privilexiadas economicamente, ou o caso de Fca. é un caso illado?

— Fca. tiña relación co médio rural e unha vocación e capacidade de asimilación dese mundo. Sentía simpatía polos veciños. Isto pode-se dar hoxe pero evidentemente a distancia entre a señorita de hoxe, da mesma orixe, e Fca. é grande. Hoxe tería que ser galeguista. Naquela época era máis doado. O tipo de vida burguesa e aldeá non era tan antagónica. A cidade era un mercado de bens agrícolas. Evidentemente, hoxe sería máis difícil a aparición dunha Fca. espontánea.

— ¿Hai un certo paternalismo na descripción da vida sufrida e mísera das labregas que fai Fca.? Nese amor pola xente do campo. ¿Non hai idealización? ¿Trata-se dunha visión roussonian, idílica o sentimental, ou, pola contra, é real?

— A realidade non se nos dá dunha maneira directa. Hai-na que

asimilar dentro das nosas categorías mentais. Tinximos de cor rosada ou negra os dados que se nos dan e nos impresionan. Damos-lles forma con arreglo á educación. A materia que traballaba Fca. é a mesma de Rosalía. Aprendeu a ordena-la a través de "Cantares". En menor medida de "Follas Novas" aínda que haberla que falar da influencia de "As viúvas de vivos e mortos". Pero a visión de Herrera é máis superficial, non ten a profundidade de Rosalía. Proxecta sobre as heroínas o cariño que Rosalía manifesta. Mais a visión da vida rural é a que se desprende da ideoloxía conservadora na que foi educada. Non pode desprender-se dos conceptos aprendidos. Cada quen ve o mundo cos seus propios ollos. Pero non hai nada parecido a perdoar-lles a vida. Hai unha indentificación.

— ¿Non pudo influir a relixión? A nosa autora era moi relixiosa.

— Aqul encontramos outra diferenza con Rosalía. Ambas foron fillas da Igrexa Católica. En Fca. non ha dúbidas, non ten problemas a propósito do alén. Rosalía posuí unha fe feita de dúbidas, moi problemática. A Herrera acepta cegamente. Isto reflexa-se na obra que ten como un ar de belén montado nunha casa folgada.

— ¿Hai na obra unha verdadeira crítica á vida cómoda e ás prerrogativas dos señores, ou, pola contra xustifica esas atitudes?

— Ao meu xuízo a postura de Fca. ante estes feitos é a postura oficial da moral católica. Unha seducción (empregada a palabra

para significar o emprego da forza do poder e do prestixio como método de conseguir á muller) ou un galanteo non sincero está condenado pola autora pero non como unha enerxía de profeta anunciadora da nova sociedade. Existe simpatía polas mulleres pero acepta eses abusos como algo habitual. Non hai esprito revolucionario, nen sequera reformista. Pero, iso si, destaca na obra a evidencia da superioridade das mulleres sobre os homes. Moral e espiritual.

— A Herrera, como Rosalía, valora fundamentalmente o amor filial. ¿Como debemos interpretar isto?

— É unha manifestación máis do seu conservadurismo. O amor filial arranca do trunfo do cristianismo e empeza a facer crise no S. XVIII. Nos tempos da nosa autora a organización familiar estaba quebrantada e contestada. Pero ela vive dentro da afección ao vello sistema que ten por eixo a relación paterno-filial.

— E neste amor filial, superior ao que se denota polo marido ou amante, que tamén aparece en Rosalía, ¿non vai incluída unha decepción?

— Pode habela. Iso dá-se na realidade. Hai un refuxio no amor aos fillos que supón unha forza substitutiva.

— ¿Coñecemos a obra de Fca. Herrera Garrido na súa totalidade?

— Están publicados bastantes libros pero seguramente escribiu moitos máis. Foi unha escritora fecunda. Nunca tiven noticia de que se acharen inéditos.

Si. O discurso de ingreso na Academia, o que debía ter lido, non está editado. Carece de interés. Tratá-se dunha declaración sentimental que non contén investigación literaria. Non obstante, dona Fca. está máis esquecida do que debera. É unha narradora importante sobre todo en "Almas de muller"...

—¿Que opina da súa elección como membro da R. Academia Galega?

—*Se eu daquela fose membro seguramente a votaría. Non habla numerarias femininas pero o sexo non debe contar na elección. Dona Fca. demostrou grandísimo amor á llingua, e aos humildes así como dignidade literaria dabondo. Hai escritores que non chegan a ter ese mérito.*

—¿A que se debeu o retraso que impediu o seu ingreso na Academia, desde o 4 de Marzo de 1945 en que foi eleixida até 1950, ano no que morre sen tomar posesión da cadeira?

—*A explicación que supón unha hostilidade por parte dos varóns non dá no cravo. Unha vez eleixida, o lóxico era que gostaran de vela ocupando o seu posto. Debemos supoñer que a causa fora a lentitude da máquina burocrática. Non creo que houbera malquerencia. Foi un azar.*

—Couceiro Freijomil no discurso que tiña preparado para acoller a Dona Fca. na Academia, parece ser que afirmaba que a R. A. G. non é coto cerrado para o sexo feminino. ¿Por que 35 anos despois aínda non hai mulleres na R. A. G.? ¿Non é verdade que hai homes na Academia con menos e

peor obra que moitas escritoras galegas?

—*Non sei. Tería que pensalo... Xa non me acordo. Pero é evidente que houbo académicos que cultivaron a poesía con menos acerto...*

—*Desde logo, actualmente hainas. Hai mulleres que debían ser enviadas aos postos de honra. Pero nos tempos que médian entre Fca. Herrera Garrido e hoxe, quizais non haxa moitas.*

—Para rematar, ¿que destacaría na obra de Fca. Herrera Garrido?

—*O esencial é, como xa dixen, o elemento narrativo, a exaltación de Galiza e a llingua. Néveda é o repositorio máis importante de léxico galego. Xa Banet Fontenla, membro fundador da R. A. G., afirmara que Fca. utilizaba un galego primoroso. Penso eu que o galego é rico pero arbitrario. Move-se cun exceso de liberdade na creación das formas. Inventar. Non se trata de neoloxismos útiles por necesidade expresiva; trata-se de que para ela o galego é unha agra sen cancelas, un monte ao bravo que podemos cultivar como se nos antolle.*

—*Con referencia á versión moderna de Camiño Noia, que por certo foi a primeira persoa que fixo unha memoria de licenciatura en galego, non nos dá o texto literal de Néveda senón que corrixe as formas lingüísticas con arreglo ao seu criterio. Non creio que este tipo de edicións sexan recomendábeis. Sería mellor dar o texto como figura orixinalmente e, en todo caso, incluír notas ou aclaracións pertinentes.*

Estes autores clásicos, da época da anarquía normativa, sabían pouco galego. Pode-se engadir notas que orienten ao aluno actual. Pero sería grande equivocación refundir a llingua dos clásicos para axeita-la a unha concepción do idioma que eles non coñeceron. Nunca me atrevería a pór as miñas pecadoras mans sobre a morfoloxía e o léxico dos clásicos. Outra cousa é a ortografía, claro, esta si debe ser modernizada. Correxir as formas leva, ademais, á equivocación de como se desenvolveu o proceso da nosa llingua. A herdanza debe contabilizarse na súa exacta riqueza ou pobreza.

AS NARRADORAS GALEGAS

A literatura galega, por causas abondo coñecidas, tivo un desenvolvemento irregular de xeito que nalgunha das súas etapas a nómina de escritores en galego é moi reducida. Se agora pasamos a falar da creación literaria feminina na nosa lingua vemos que é aínda máis escasa. Pero isto xa entra noutras coordenadas pois ocorre en tódalas literaturas, normalizadas ou non, e pouco ten que ver coa lingua empregada na creación. No "Catálogo de novelas e novelistas españoles" redactado por Juan Ignacio Ferreras vese que a muller nese tempo é aínda invisible en España; así entre as 610 posicións nas tres primeiras letras do alfabeto cítanse só 22 autoras.

A cuasi ausencia das mulleres no eido literario é o resultado das circunstancias histórico-culturais e as condicións materiais que, como ben diría Virginia Woolf, teñen unha importancia decisiva. A razón última desta non-presencia está sen dúbida na sociedade patriarcal. O mundo das artes e da cultura en xeral resístese á presenza auténtica —é dicir, non mediatizada— da muller. Non se deron ó longo da historia, nin se dan aínda, as condicións necesarias, materiais e psíquicas, para que media humanidade actue de seu no ámbito cultural.

Voltando ó caso das escritoras galegas, se damos un paso máis e queremos falar exclusivamente das narradoras, atopamos que fronte ó relativo protagonismo na lírica, as nosas escritoras pouco contribuíron á prosa. Isto non é tan extraño como podería parecer a primeira vista pois o escaso cultivo da prosa é, ou foi ata hai ben pouco, unha

constante na literatura galega; abonda con dicir que a primeira novela "Maxina ou a Filla Espúrea" de Marcial Valladares data, de 1880. O xénero aparece pois serodiamente.

O rexurdimento literario será fundamentalmente poético. A súa iniciadora, Rosalía de Castro, escribe dúas obras poéticas clásicas en galego, pero segue escribindo a súa prosa, novela e ensaio, en castelán. Só deixou unha mostra de narrativa breve, o "Conto Gallego" publicado póstumamente.

Nos fins do século XIX e primeiros do XX é maior a participación feminina pero seguen predominando as poetisas: *Xana Juega López, Filomena Dato Murais, Marcelina Soto Freire, Clara Aller, Carmen Prieto Rouco, Herminia Fariña Cobian...* Será en 1920 cando se publique a primeira novela galega de autoría feminina: "Néveda" de Francisca Herrera. A esta escritora parece que se lle facía extraño emprega-lo galego na prosa narrativa porque na introducción a "Néveda" di:

"Así mesmo pergúntome, s'en prosa d'escribir, ou en verso; e roime solíña, d'este meu dubidar; qu'é un aletexó igual ód'un poliño, que se debaté, coidandose atrapado n-o poleiro por un espanta-paxaros de trapo, movido po-los impetus do vento ¡Ninguén a de lir o meu esquirto, nin naide ha de follar o meu pensamento.... Abonda con deixar corre-la pruma, abasta con cumri-lo meu deseyo".

Francisca Herrera fai en galego poesía, narrativa e tamén ensaios. Será a primeira novelista do noso

idioma. Xunto con Rosalía é unha das mais dedicadas á profesión. Tiña a favor a independencia económica e o feito de estar solteira, ámbalas dúas cousas fecilitáronlle dita dedicación que deu como resultado unha ampla obra en prosa e verso.

A narrativa de Francisca Herrera, curta ou longa, é en pleno século XX típicamente romántica, sentimental e costumista. É unha escritora moi conservadora, era unha muller da súa clase, unha clase social que detentaba o poder económico e social, e polos seus escritos non parece que considerase que algo debería cambiar. As mulleres das súas obras son sempre vítimas inocentes e pasivas en tódalas relacións humanas. Herrera eleva a muller mentres esta non intenta sair do seu papel tradicional; así as protagonistas das súas novelas son as sustentadoras da "columna moral" da sociedade e, posto que esa sociedade practica unha dobre moral, as mulleres resultan santificadas a través do sufrimento e ó cabo todo fica no seu debido lugar porque Herrera non prantexa en ningún momento a idea de progreso ou evolución social que daquela preocupaba ós seus contemporáneos. A nosa primeira novelista manterase na liña romántica tradicionalista que resulta arcaizante no tratamento que fai dos personaxes femininos, sobre todo se temos en conta que dende a metade do século XX ponse de moda en toda Europa a expresión de "muller incomprendida", acuñado por George Sand, mentres que dantes fálabase de "modelo de esposa e

nai". Francisca Herrera segue ancorada no pasado.

Centrándonos en "Néveda" o tema é unha vez máis o da muller-nai-compendio de virtudes-toda sacrificio, perdedora con resignación e humildade. M^a. Camino Noya sinala os tres pilares sobre os que se constitue a temática da narrativa de Herrera (que aparecen dun xeito claro en "Néveda"): *ruralismo*, *muller-nai* e *renuncia feminina*. O ambiente rural é o marco do relato. Néveda é unha orfa labrega nacida da relación burgués-labrega; a partir daí desenvólvese a trama que supón un conflito de clases sociais. Arredor de Néveda xiran os demais personaxes, en total once. Tanto Néveda como a súa nai, Amparo, son personaxes idealizados pola autora, teñen toda a fermosura e virtudes imaxinables. Os outros personaxes femininos teñen o mesmo tratamento, ricas ou pobres — Misia Rosario, Margarita da Ponte, Mariquiña, Bieita— son limosneiras, fidalgas, sensibles, fermosas ou boa muller do pobo no caso de Bieita. Como di Camino Noya "o ambiente da novela resulta un tanto falseado polo tratamento puramente suxeitivo que lle dá a autora idealizando a realidade con paisaxes e personaxes cheos de beleza e virtudes". Por outra parte Herrera compórtase como autora omnisciente e emprega unha lingua en castelanismos morfosintácticos combinada con rexistros da fala coloquial.

Outras narracións desta escritora son: "A alma de Mingos" (1922), "Martes de antroido" (1925), "A neta da naipeira" (1925).



Haberá que agardar ata os anos sesenta para que apareza a segunda novela escrita por unha muller. En 1965 M.^a Xosé Queizán publica a novela obxectalista "A orella no buraco" perfectamente situada na literatura do momento e non desfasada como ocorría con Francisca Herrera. A súa novela destaca pola intelixencia creadora e pola riqueza expresiva da lingua empregada. Prantexa o problema fundamental da humanidade: a liberdade. M.^a Xosé Queizán cultivou tamén a relato curto con "Tolería para unha desmitificación", "Eros e Tánatos" e "O tapete de ganchillo". Cómpre destaca-lo caracter interrompido da súa narrativa polo ensaio feminista, é a autora dos dous únicos ensaios feministas en galego: "A muller en Galiza" (1977) e "Recuperemos as mans" (1980). Recentemente volveu á narrativa como logo veremos.

Outra narradora contemporánea de M.^a Xosé Queizán é Xoana Torres, a súa novela "Adios María" (1971) presenta algúns dos problemas da Galicia do momento desde a óptica dunha rapaza que cuestiona diversos aspectos desta sociedade. Esta novela prantexa unha renovación lingüística e está na liña do realismo dialectico, incorporando técnicas cinematográficas. Xoana Torres escribiu ademais contos para nenos.

A literatura infantil foi un xénero moi traballado polas mulleres: *Edelmira Cacheda Otero*, *Emilia Estévez*, *Dora Vázquez*, *M.^a Victoria Moreno*, *Kristina Berg*, *Concha Blanco*, *Helena Villar*, *Sabela Alvarez*, etc.

Retomando o fío do xénero novelístico, nos anos setenta aparecen tres novelas das irmás *Pura e Dora Vázquez*, "Bergantiñá" (1971) e "Augas soltas" (1978) de Dora e "Segundo Pereira" (1978) de Pura. Estas novelas non enlazan coas de M.^a Xosé Queizán e Xoana Torres, están máis na liña novelística de Francisca Herrera. Estamos novamente na novela de corte romántico, chea de sentimentalismo.

Na literatura feminina dos últimos tempos continua un predominio claro da poesía sobor da prosa. Así e todo, recentemente, parece que as escritoras galegas están a afia-la pluma para a narrativa; o certo é que se ven de publicar narrativa en galego da man de *Ursula Heine*; "O soño perdido de Elvira M." (1982) e "Remuíños en coiro" (1984), *Helena Villar Janeiro*: "Morrer en Vilaquinte" (1980) é unha novela de novedosa estrutura — escrita en colaboración con X. Rábade Paredes—. Desta escritora están a sair en xornais e revistas literarias unha serie de relatos que supoñemos axiña conformarán un novo libro. *Margarita Ledo* publicou en 1983 "Mamá-Fe" que en opinión de Carmen Blanco é unha mostra do que denominamos "escritura da diferenza". Nestes momentos Margarita Ledo ten no prelo unha nova novela.

M.^a Xosé Queizán ven de publica-la súa segunda novela "Amantía" (1984), unha novela histórica chea de engado que nos fala de mulleres ilustradas na Galicia do século IV. Esta última escritora continua a andaina

novelística que escomenzara alá polos anos sesenta, a terceira novela de M.^a Xosé Queizán (unha novela de aventuras) está xa para saír e sabemos que está a prepara-la cuarta. Sen embargo, agás o caso de M.^a Xosé Queizán, as narradoras de hoxe presentan un pasado literario fundamentalmente relacionado coa poesía. O que é claro é que estamos asistindo a unha incorporación de mulleres prosistas á nosa literatura o cal promete un futuro non só de poetisas e ensaistas senón tamén de boas narradoras. Esperamos que non se demore moito a produción teatral que xa escomenzara Xoana Torres polos anos sesenta pero que polo de agora non tivo continuidade.

“ALMAS DE MULLER... ¡VOLALLAS N'A LUZ!”

*“Almas de muller; sofrentes,
Ou ben as almas que riron,
¡Cantai voso sentimento!”*

Pouco se ten escrito sobre a lírica de Francisca Herrera Garrido, dato curioso, sendo como foi a primeira muller galega elexida como membro da Real Academia. Si nos remitimos á bibliografía, atopamos breves reseñas sobre a súa obra, sendo quizais, a mais extensa a que fai o profesor Carballo Calero, na súa “Historia da Literatura Galega Contemporánea”. Nela relacionase a obra de Francisca coa de Rosalía dos “Cantares Gallegos”. De certo, cando lemos os seus poemas longos, populares, carregados de sentimento, lembramos inmediatamente a Rosalía.

Ela mesma, no seu discurso de entrada na Real Academia, fai unha loubanza á obra de Rosalía e confesa a súa grande admiración por ela, coa que se sentiu fondamente identificada.

É a súa unha poesía ruralista, rítmica, de fondo sentimento que se desenrola ó traveso duns poemas longos e que podemos englobar dentro do movemento romántico-idealista. Según palabras de M.^a Camino Noia: “O seu modelo literario foi Rosalía; o estilo romántico, os laios, as loubanzas á terra e as xentes da autora padronesa foron guía de Herrera”

Esta vivencia da terra e fundamentalmente do destino das personaxes femininas, chéganos ó traveso dunha forma poética de grande sinxeleza guiada, sospeitamos, mais pola intuición que polo coñecemento (lembramos a súa condición de autodidacta).

Cunha lingua moi rica en léxico, que revela o seu coñecemento e familiaridade co medio; utilizando así xiros e expresións de alta orixinalidade: “A fala galega éralle familiar. O senso do idioma tíñao ben arraigado. Así rezuma enxebreza”. (Ricardo Carballo Calero).

Non imos nós facer unha análise da obra poética de Francisca; tan só dar a nosa visión, moi xeral, dun dos seus libros, o que da título a este traballo: “Almas de muller... Volallas n'a luz” (A Coruña, 1915).

O mesmo título pérmítenos intuír cal será o contido da obra. Trátase da primeira de carácter poético feita por unha muller e na que o tema base sexan as mesmas mulleres, aínda que tratadas nun senso totalmente tradicional, segundo as coordenadas da época. Nos poemas se contan as historias de mulleres galegas campesiñas: nais, mozas namoradas “resignadas e doces”; todas elas descritas sempre en relación co tema amoroso, (que dan a súa vida polos fillos ou polo namorado). Mulleres idealizadas coas virtudes de resignación, templanza, pasividade, bondade, humildade, nas que non teñen entrada ningún tipo de rebeldía diante das situacións nas que viven:

*“Com'un paxariño,
Pequecho e novato,
Se deixa mirare;
Se presta-o falago...
¡Mais tenra qu'añiño,
De dous meses nado!”*

Neste eixo destaca a identificación que fai entre Muller-Nai, até tal punto que nos sorprende poñendo en boca dunha

das personaxes femininas: “Son nai! ¡A muller ha morto!; “A muller galega representa a Nái Amantísima disposta a sacrificarse polos seus fillos e por todolos que están baixo o seu amor maternal” (M.^a Camino Noia).

Non podemos dicir, polo tanto, que o tratamento do tema sexa innovador, mais ben todo o contrario. Mais si podemos falar de innovación no eixo temático: un libro de poemas sobre mulleres.

*“Miña voluntá n'e miña;
Nin-a y-alma; ni-os cariños!”
“A vida de Rosarie non é de-la”*


Imos dar unhas breves sinopses de catro poemas que consideramos representativos do libro e que poden dar unha visión do que é en si a obra:

“ALMA BRANCA”

É este un dos poemas mais longos, que está ó comenzo do libro, e nel se conta a historia dunha muller solteira que decide ir vivir ó monte coa súa filla para redimirse do pecado cometido:
*“A y-alma d-a mullere, redimiuse,
Po-lo remordemento:
Ergüiuse d'antro polvo qu'a lixaba,
N'as âas do mais puro sentimento!”*

*“Tomou Rosarie a cruz do seu
pecado;
E sen qu'a perdoasen pais ni-alloos,
Viven preto d-os ceos...”*

A vida adicalla totalmente a súa filla. Cando voltan á vila morre esta (“alma branca”) e non podendo esquecer a súa nai vaina buscar ó inferno para levala consigo ó ceo onde se lle perdoarán finalmente as culpas.



"MULLER... OU NAI"

¶ Lourenza ten un noivo que embarca para Montevideo; na súa ausencia é raptada e violada por Bertuco. Ela volta a casa do pai renegando, en principio do fillo:

*"Son en poder dun verdugo,
Sen que Dio-lo remediara!
Son a dona d'un marido,
E non sei se non casada!
E vou a ser nai d'un fillo,
Qu'aborrezo antes que naza!"*

Mais logo, na loita que se establece entre a muller e a nai, triunfa a nai:

*"¡A-o lume as nais sen entrañas!
Pr'á Gloria de Dios os fillos!
Con El cumpro: non c'o mundo:
Meu responder, jesta dito!
Son nai! A muller ha morto!"*

Finalmente, á volta do noivo, este acepta ó fillo e casan.

COMO AMAN AS GALEGAS

¶ Pilar é unha muller namorada dende nena que, non sendo correspondida fuxe coa súa dor cando o home casa con outra. Pasados uns anos, e sabendo que todo marcha mal no matrimonio, volta para coidar da muller e dos fillos.

*"¡A muller por todas partes!
A súa man en tod'os sitios!"*

*"— Pilar!... Eres unha Santa!
¡Bicar a terra que pisas
Fora pouco!...
— Miguel... ¡Cala!
Deixame seguir tranquila,
O meu camiño trillado;
O meu camiño de espiñas!
Santas... no-n'as hai no mundo!
Pro! son nada en Galicia!"*

A CESTEIRA

A Cesteira é unha muller coñecida por todos, divertimento das feiras, que se vale do seu traballo e non precisa home ó seu lado. Tratada como algo non usual, cun ár festivo e superficial, a describe como unha personaxe atípica e anecdótica.

*"Y-en tal concerto das xentes.
¡Ay d'aquel que che faltare!...
Os xubians defenderíanche
Igal que se se tratase
De volver po-la honra própea,
Ou po-la terra en que nasceu:
A cesteira n'ê de naide"*

...

*"Din as xentes: "Nosa lcia"
cal se de un fillo falasen"*

Sen embargo, hai neste poema concretamente, uns versos que rachan, en certo senso, co tratamento que ó longo de todo o libro se da ó tema:

*Coid'as que non son mulleres
As que percisan guardiante!"*

*"lcia, das Castiñeiras,
N-hay no mundo que te garde:
Non tes a quen lle dar contas,
Nin canciño que che ladre!
Ceiba de toda cadea,
E's liberta, com'ós aires"*

Aínda que a maioría dos poemas sexan do tipo anteriormente descrito, atopamos tamén poemas máis intimistas, suxeitivos, fundamentalmente adicados a familiares (hai varios adicados á nai).

Cabe salientar o titulado "María Corredoira", na que fai unha loubanza da obra artística desta muller, ou o titulado "Contos dun afillado de dez anos" de fondo sentimento e orixinalidade.

Tamén está presente no libro o ensalzamento de loubanza da lingua da terra, cun tratamento romántico e carregado de enxebriismo:

*"Gobernantes, gobernantes,
Baixad'os ollos â terra:
Arrunbá-lo voso canje,
Qu'os fai vivir n-as estrelas.
Deixá qu'hastra-o Rey de España,
cheg'o layar dista queixa:
Lle demandando remedios,
Pr'â nosa Galicia inferna!"*

... ..

*Frores! ¡Frores non son millo,
Qu'a-os pequechiños sustentá!
Apodrecen as sementes:
¿Dónde vai nosa riqueza?
¿Por qué os rapaces emigran,
Afuxindo d-a misérea?
Xa non gard'â nai, n-o seo,
O sangue que lles inxerta?"*

Francisca Herrera é en definitiva, unha escritora de estilo romántico, claramente influenciada pola Rosalía dos Cantares, que aínda que a súa importancia literaria radique mais ben na súa obra en prosa, por ser das primeiras novelistas galegas, ten unha obra poética non desestimable, mais lamentablemente descoñecida.

*"Almas de muller, sofrentes,
Ou ben as almas que riron,
¡Cantai voso sentimento,
N'a léngua dos patronciños;
Ná qu'antr'as nubes se troca
Cando as reempuxa o ventisco!
Luz d'alustro! voz d'engadol
A fala que Dios bendixo!
¡Dai voso sentir, almiñas!
¡Volallas do Paradiso!"*



ANTOLOXIA

“COMO AMAN AS GALEGAS”:

“...¿Qué fixo?... soyo en Galiza,
outro tal, muller fixera!

....
¡Saludai á muller santa,
n’a santa muller gallega!”.

“Déixame seguir tranquila,
O meu camiño trillado;
O meu camiño d’espiñas!
Santas... no-n’as hay no mundo!
Pro ¡son nacida en Galicia!”.

Do libro *Almas de muller...*
¡*Volallas n’a luz!* (A Coruña, 1915)

INTRODUZON

Querendo un gran poema cantar, dúbidas teño; que se falo galego, non m’entenden; e-a cantar castillán, non me comprendo. Así mesmo pergúntome, s’en prosa hei de escribir, ou ben en verso; e ríome solíña, d’este meu dubidar, qui é un aletexo, igual ò d’un poliño, que debátese, coidándose atrapado n-o poleiro, por un espanta páxaros de trapo, movido po-los ímpetus do vento! Ninguén ha de lir o meu esquirto, nin naide-ha de foliar meu pensamento... abonda con deixar corré-la pruma; abasta con cumpri-lo meu deseyo. ¡Leutores... què-nos vira, malpocado! couperan n’un puñiño ven pequecho!... Deixade, pois, que escriba, como canto: deixádeme que fale c’òs galegos; que son hirmans d-a y-alma os que m’escoitan, e n’han de-asolagar n’os meus defeutos. E aqueles que n’entendan meus falacios, e sántanse n-o própeo lar, alleos, relembren que nasceron en Galiza; que eiquí atallecerán, fillos é netos; que durmen n’esta terra, aloumiñadas, as cinzas, brancuxadas, á-os seus deudos.

Néveda (1920)

NÉVEDA

Unha muller e unha nena, c’ò traxe d-as montañesas galegas, ollaban, e parábanse, diante de todas-las casas d’a rua. A muller non era vella: cicáis non tiña cincuenta anos: e bulía e rebulía, igual que se non cumprira vinte. Levaba (sobre d’outras seis ou sete sayas) un refaixo, roxo, como a vergonza d’as xentes de ben: cuberto, en parte, por un basto mantelo de picote: unha chaqueta, redonda, que non lograbba pillarl’a cintura: e baixo d’ela, un pano, froreado, con mais vistosidá, qu’as ledicias d’unha noiva gustosa. Duas trenzas, (envexa d’un peluqueiro d’a vila) amostrábanse baixo a punta d’outro pano, tamén con frecos e frores, e amarrado e cruzado por riba d’a coliga, pra amarrar e cruzar de novo, e deixar mais frores e mais frecos sobr’a testa.

Non habría ventelada, capaz de lle levar un chanteiro, que podería prestar refuxeiro, bondo, a toda unha familia de paisans. Po-lo que fai ò retablo, tiña o côr do cenceno: aleutado po-la lucencia vivás d’uns ollos, qu’espetábanse n-os d’aqueles que lle falaban, como se quixesen atrairlles canto n-o miolo gardasen. Falaba pouco e asisado.

¡A nena era un ben de Dios! Vestida, en un todo, igual á mulleriña: a mesma folganza de sayas; a mesma chaqueta, curta e redonda: os panos, hirmáns, en froleamento, e frecos alqueireiros. A desconvenenza estaba n-as medicións: mentres qu’a muller anterga levaba as sayas por media perna, a neniña, (sen dúbida por temerosidá d-a crecencia) deixaba qu’as suas baixasen, hastra descubrirille, apenas, os pés, miudiños e ben feitos; gardados n’unhas primorosas zocas d’abeneiro.

Francisca Herrera Garrido

ANTOLOXÍA

POR QU'O NOMAN "FOLLAS NOVAS?"

A la inmortal autora de "Follas Novas" A la ideal Rosalía de Castro, que vivió y murió aspirando y exbalando el embriador aroma de nuestras gallegas bellezas



As que xuntadas n'un feixe,
O sono d-o neno arrolan.

As que chorán c'os mortíños,
S'ó vento as lev'á sua cova;
E rin, c'ó rapaz que nace,
Cand'ô tellado ll'azoutan.

Son "Follas novas" pr'a noiva;
Pr'a-o que morre "Vellas follas"!
Son as follas d-o martirio;
Son as follas d-as coroaas.

¡Deixa, mulleriña, Santa,
Que d-a tua morte me doa;
Como se doen nosos campos,
Ond'os paxaros te choran!

Por ch'as-donar pr'a teu libro,
¡Despoxáronse d'as follas!
!Dende qu'has levách'é inverno,
N'estas montaiñas nosas!

Déixa, Santa mulleriña,
Déixa qu'humildiña envolva,
En amante relembranza,
Teu ramo de "Follas Novas"!

Porque líndoo, filliña,
Se sinten tembrá-l-as follas,
N-os pinares; n'as robredas,
N'as caraveleiras roxas.

Porqu'a sua y-alma foi folla.
Ond'anifiaron as pombas;
Namoradas d-o Sagrarie.
Ond'os seus poliños xogan.

Porqu'as "follas" d-o seu libro,
Son as folliñas d-as rosas,
Que dend'a porta d'a Igrexa,
Prá Virxen, a nena esfolia.

As que nacen n-o emparrado
Dándoll'ás uviñas sombra;
As que d-a silveira cáen,
Dempois que dou as apóutigas:

As qué, d-o vello castaño,
N'as hirtas, espidas ponlas,
Xemen a cair embaixo,
Cand'ó vendabal as boura.

As qué, d-o canso velliño,
Pisándoas ó zoco, estouran;

Sorrisas e bágoas (1931)

Francisca Herrera Garrido

ANTOLOXÍA

MEU ANXO

(Al más querido hijo de mi hermana María).

Meu anxó! Quando chego xunt'a ti,
Eses teus ollos que qu'ó Ceo se mira.
Non apartas de mín.

Séntote n-o meu colo, é-n-unha aberta
Os dous facemos un:
Afógante meus bicos, é non queda.
Sen devolver, nengún.

Xogas c-o meu cabelo: c-os meus ollos,
Ond-as maiciñas pós:
Bóta-l-a cabeciña n-o meu ombro,
C'al se dobra unha frol.

Chega-l-a linda boc'á miña orella,
Pr'un conto me pedir;
E con risada qu'e-n-o ar retembra,
Disme cucadas mil.

Y eu que desque se foi miña naiciña
Esquencin ó qu'é rir,
Rio! te contemprando tan aleuto,
Com-unha nai felis.

N'hay namorada qu'a seu ben lle fale,
Con mais doce falar:
Amor de neno, é mais amor d-os anxos;
Non é tenreza igual?

E tí eres mais qu'un anxó, queridiño:
E direite porqué:
Tí estás lonxe d-a Groria: eiquí soliño;
E fás com'eles bén.

Tí enxoitas estas bágoas c-os teus beizos;
Tí arredras iste afan.
Cand-entolvend-o corazón n-o peito,
Quêr lle furta ó ar.

Tí qu'unha voz, que non é voz d-o mundo,
Falas d-a miña nai,
E pol-a noite c-os dediños xuntos,
Por ela quês rezar.

¡Ay! der'á vida por qu'houvera falas
Con que poder decir,
O mar en que m'afogo, de lembranzas,
Qu'ando te vexo así!

Miroa baixar d-o Ceo, paseniño;
Pousarse sobre ti,
Vertend'olas de luz d-os seus ollíños,
Que torna car'á min.

Toliña tend-os brzos pr'a colle-l-a
E no-n-a deixar ir!
E xa non topo mais qu'a tua faceira:
Sô Leonciño est'alf!

Non m'abandones, nai, ten caridade!
Mira este desconsolo!
¡Por Dios! Sin tí outra vez vóu-me quedare!
¡Non enxugas meu choro!

Cala, meu neno: sei qu'ó seu acento
Vai chegar-hastra mín!
"Que n-o n-a fira mais c-o meu lamento!
Que me consol-en tí!"

Vel-a diant'é non poder bica-l-a!
Ña nai d-o corazón!!
E qu'habrei sido mala, sen sabe-l-o,
E non teri perdón...?

Etonces toliña,
Te bico e t'aperto,
T'apalpo é desperto,
Fincada n-o chán.

Sorrís antr-o sono:
Me botal-os brazos,
E sô teus abrazos,
Á vida me trán.

Teus ollos se pechan
S'entrabr'a mauciña,
E déitot'axiña,
Sintind'ay de min!

Volvel-os saloucos;
Tornal-as saudades;
Collerm-os pesares;
Cansar de vivir!

Teus crechos riciños
Que moll-a-o sudore,
Non curan d-o amore,
Que bical-os vai!

Xoiña!! "Meu anxó"
Por sempre te chamo,
Y en tí xuntos amo,
O fillo, y á nai!



Sorrisas e bágoas (1931)

Francisca Herrera Garrido

OLIMPIA VALENCIA, O FEMININO NA HISTORIA

Hoxe ninguén se atreve a negar publicamente a contribución das mulleres á historia(1). Como afirma Joan Connelly, "a muller no só foi un factor histórico constante ao longo dos milénios, senón que chegou a constituir un factor axente tanto na sociedade como na economía (apesar de non ter estado sempre visíbel na política"(2). Porén, fora certas individualidades por todos coñecidas, as mulleres estiveron ausentes dos estudos históricos. Sen dúbida, este "esquecemento" estivo determinado por unha visión androcéntrica do proceso histórico, pola xerarquía de valores da nosa sociedade patriarcal e por uns plantexamentos historiográficos nos que até agora só se tiveron en conta a esfera pública, desdeñando a esfera privada(3).

O panorama está a cambiar lentamente. Desde hai uns anos, sobre todo no mundo anglosaxónico produciuse unha eclosión de investigacións de carácter histórico sobre o sector feminino da poboación. Un rápido percorrido polo nome dos autores arroxa un saldo elocuente; a maioría foron realizadas polas estudantes, profesoras e investigadoras. A recuperación da historia das mulleres coincidiu co unha tomada de conciencia xeneralizada —por parte das mulleres— da opresión sufrida desde séculos.

A nós, as mulleres, corresponde-nos pois facer *visíbel* a "presenza" das mulleres galegas na Historia de Galiza (a historia con maiúscula), demostrando que non houbo auséncia senón "postergación", e corresponde-nos

tamén reconstruír a historia das mulleres galegas como colectivo. É un reto que hai que asumir; numerosos grupos e temas esperan ser estudados: as campesinas, as mariscadoras, as relixiosas..., a educación, a sexualidade, o traballo, etc. As liñas de investigación son múltiples pero hai que saber desde o principio que elaborar a historia das mulleres e/ou a súa contribución ao proceso histórico encerra moitas dificultades: hai que deseñar o método de traballo e o método teórico, falla a apoiatura bibliográfica e é preciso buscar novas fontes ou dar un novo tratamento as habitualmente utilizadas polos historiadores.

O problema das fontes é un dos máis graves; pensemos, por exemplo, que nas estadísticas non se soen diferenciar os sexos; pensemos que na literatura nos dá cuase só a visión masculina, o mesmo se pode dicir do cine, a pintura...; pensemos que a prensa está dominada polos homes, etc., etc. Neste sentido, a "historia oral", quer dicir os testemuños vivos, constitúen unha das fontes á que podemos recorrer para investigar a historia máis inmediata e o noso propio momento(4). Por iso, propón-se aquí iniciar un *Arquivo da palabra* no que se vaian reunindo testemuños de mulleres tanto das que tiveron unha significación especial como das que —a maioría— permaneceron nun segundo plano.

O 17 de setembro de 1981 entrevistei a Olimpia Valencia López de Vigo, á busca de información para a tese



doutoral (5). Con posterioridade elaborei un pequeno resumo que non chegou a publicarse ao desaparecer a *Hoja de Lúnes* de Vigo. A entrevista reflexa a inexperiencia de quen a fixo, pero aínda así penso que merece a pena dar a coñecer quen é Dona Olimpia Valencia, e nunca o "dona" estivo mellor empregado. Foi a primeira galega médico, ou médica, como ela prefire que se diga, membro fundador da Academia Médico-Quirúrxica e de Alianza Francesa de Vigo, e ligada á Institución Libre de Enseñanza. Son datos significativos que acompañan a unha personalidade interesante, culta, liberal, amante da súa terra e do traballo. Unha muller que se adiantou ao seu tempo.

Tradución Helena Alvaredo Serrano María del Carmen Pérez Pais

"Nacín en Baltar (Ourense) o 14 de decembro de 1898. Filla única dunha familia de clase média. Aos doce anos vin-me a Vigo e aquí preparei por libre Maxistério, Bacharelato e o Preparatório, curso común previo á entrada na universidade para as carreiras de Medicina, Ciéncias e Farmácia. A miña familia respeitou a miña decisión de estudar medicina pero muitas das miñas amistades pensaban que non era unha carreira apropiada para unha muller".

En 1919 inicia os seus estudos universitarios en Santiago de Compostela. As poucas estudantes que alí había, pertencían tamén á clase media, e facían Farmácia o Filosofía. Os seus profesores e compañeiros dispensaron-lle un trato "correcto"; dos primeiros lembra con especial cariño a Novoa Santos e a Gil Casares.

"As rapazas facíamos unha vida austera; estudábase e paseábase pola Ferradura ou a Rúa do Vilar. Apenas tiñamos tratos cos rapaces".

En Santiago respiraba-se daquela un ambiente de rebeldía contra a ditadura de Primo de Rivera. Existía un espírito liberal pero a politización era escasa.

En 1925 remata a carreira. É como xa dixemos, a primeira muller galega que obtén a licenciatura de Medicina. Traslada-se entón a Madrid para especializar-se en Xinecoloxía ao lado do doutor Recasens. Recomendada pola universidade compostelana consegue entrar na Residencia de Estudantes, dirixida por María de Maeztu. A súa vinculación coa

Institución Libre de Enseñanza reflexa-se nunha serie de aspectos que caracterizan a todas as persoas que dalgunha forma coñeceron o espírito da Institución: elegancia natural, sinxeleza, atractivo personal, talante liberal e laico.

"O 23 de febreiro de 1928 establececin-me pola miña conta en Vigo. Puxen un anuncio no xornal, coloquei unha placa na porta, "Olimpia Valencia. Especialista en enfermidades de la mujer", e dispuxen-me a esperar as chamadas. Comecei facendo medicina xeral. Ao principio tiven moitas dificultades, sobre todo porque tiña que vencer a resistencia das clientes para aceptaren que eu era o médico".

Pouco a pouco foi-se gañando o prestixio profesional nunha cidade que a doutora califica de "liberal", á vez que preparaba a súa tese doutoral sobre *Variaciones de la colesteroína en relación con la anestesia*.

Entón chega a Segunda República. Olimpia Valencia, como outros moitos médicos, sente unha grande preocupación cultural —a súa biblioteca así o atestigua— e sente-se tamén estreitamente vinculada a Galiza. Amiga de moitos galeguistas (Alvaro de las Casas, Antón Villar Ponte...), acepta encabezar en xuño de 1931 un chamamento de apoio aos candidatos galeguistas das provincias de Pontevedra e outro en xuño de 1936 en favor do si no Plebiscito do Estatuto Galego. Ambos documentos estaban asinados só por mulleres(6).

A súa amizade con galeguistas, xente de esquerdas, o seu nome

nestes manifestos e unha carta, somando-se á homenaxe de Antón Villar Ponte aparecida en *El Pueblo Gallego*, haberían-lle de ocasionar non poucos desgostos durante a guerra.

"Fun detida no mes de febreiro de 1937. Permanecín durante catro días no cuartel da Guardia Civil, próximo á rúa María Berdiales. Estábamos nas cortes, mulleres de evadidos, baralleiras e quizais prostitutas. Na parte que nós ocupábase atopábase a pileta para lavar-se e o retrete. Alí tiñan que ir os homes detidos xa que carecían de servizos na parte das cortes nas que se achaban".

Os bons informes que había sobre ela e un "donativo" sacaron-na dali. Porén os problemas non remataran, ás dificultades propias dun período de guerra, sumaron-se agora as de atopar traballo. "Iso era o peor". Acusada de *roja*, moitas clientes temeron ou preferiron deixar de consultar-se con ela. Abrira-se unha época que pouco tiña que ver cos ideais e plantexamentos desta muller.

"A partir de entón dediquei-me de cheo ao traballo e a vida familiar. Apartei-me do mundo. Fun unha asceta. Naqueles tempos nos que ao final da sesión había que levantar o brazo, nen sequer ía ao cine.

Nos anos cuarenta consigo entrar na Seguridade Social, vinte anos despois xubilei-me. Agora, con oitenta e dous anos sigo consultando pola tarde, por ese afán de traballo que impulsou toda a miña vida. Polas mañás paseo e estudo xa que hai que estar ao tanto das novidades".

GALICIA E A MULLER EN AMANTIA

Olimpia Valencia desenvolveu unha importante labor profesional en Vigo e por ela recibeu homenaxes e recompensas, quizais menos do que lle correspondía. Lástima que as circunstancias impedisen que a sociedade galega se beneficiase en maior medida da súa formación humanística, do seu talento liberal e do seu amor por Galiza.



(1).- Falo de *mulleres* e non de *muller*, por referir-se o plural a un colectivo concreto identificábel, mentres que o singular conleva a abstracción e idealización.

(2).- Cf. *Connolly de Ullman, Joan*. "La protagonista ausente. La mujer como objeto y sujeto de la Historia de España", en *La mujer en el mundo contemporáneo*, Madrid: Universidad Autónoma de Madrid, 1981, p. 11.

(3).- Pouco a pouco van-se consolidando como obxectivo de investigación histórica colectivos da poboación até agora marxinaos ou temas ignorados como a sexualidade, o ócio, a alimentación, a economía sumerxida, etc.

(4).- A antropoloxía e outras ciencias sociais acarretaron á historia este novo instrumento. A fonte oral, como todas as fontes, precisa unha revisión rigorosa e a confrontación cos datos obtidos por outros procedimentos. Despois dun período de crítica á "historia oral", está-se impondo e vai-se avanzando na súa técnica e metodoloxía.

(5).- Na tese doutoral abordei o estudo da imprensa galega durante a Segunda República.

(6).- Vexa-se "Manifiesto de las mujeres universitarias" en *El Pueblo Gallego*, 27 de xuño de 1931, p. 6 e "Manifiesto de las mujeres gallegas", en *Faro de Vigo*, 20 de xuño de 1936, p. 10.

A novela *Amantia* (1984) de María Xosé Queizán é non só unha novidade en si mesma, senón toda unha aportación ao panorama narrativo galego, especialmente pola presenza que ten nela o que poderíamos chamar "cultura feminina". Ademais, a autora conxuga na creación das grandes teimas da súa personalidade: o nacionalismo e o feminismo. Ambas ideoloxías foron entretecendo a narrativa de *Amantia*, unión íntima de Galicia e a muller.

A NOVELA FEMENINA

Desenmarañando o fio das palabras devanditas e adentrándonos no panorama narrativo, compre lembrar que dentro da novelística galega escrita por mulleres, María Xosé Queizán xa ocupaba o relevante posto de ter escrito a segunda novela feminina galega. En efecto, *A*

orella no buraco (1965) é a primeira narración feita por unha muller que se publica na postguerra, e está separada de *Néveda* (1920), a obra con que se inicia o xénero, por máis de cuarenta anos e unhas catro promocións literarias.

Mais nas dúas décadas que van desde a publicación de *A orella no buraco* á actual *Amantia*, o panorama novelístico feminino tiña sofrido un relativo incremento e un certo enriquecemento.

Destaca, en primeiro lugar, a publicación da novela *Adiós, María* (1971) de Xohana Torres, que supuxo unha renovación do panorama coa súa técnica do realismo dialéctico e a presenza dunha clara perspectiva feminina. A ela temos que engadir as aportacións máis tradicionais de Pura Vázquez con *Segundo Pereira* (1978) e a súa irmá Dora con *Bergantiñá* (1971) e *Augas soltas* (1978). Asimesmo, compre ter en



Carmen Blanco

conta, nunha liña máis actual, e coautoría masculino-femenina de *Morrer en Vilaquinte* (1981), na que participa como creadora Helena Villar Janeiro. Nesta mesma liña podemos situar á alemana Ursula Heinze, autora de *O soño perdido de Elvira M.* (1981), que contou con colaboración lingüística masculina.

María Xosé Queizán, da mesma maneira que co obxectalismo da súa primeira obra, incidía na vanguardia da novelística feminina e galega en xeral, coa súa segunda novela, *Amantia*, volve situarse nun punto de inflexión: o cambio de rumbo que se pode percibir na literatura feminina en torno a 1975. Durante os anos sesenta, o obxectivo das creadoras fora igualarse literariamente aos homes — proba desto é *A orella no buraco*—. Agora o obxectivo é mostrar unha perspectiva propia, deixar libre a diferenza do feminino: procurar un punto de vista de muller, a través da búsqueda dunha linguaxe específica e uns temas significativos neste sentido. Produto desta nova actitude diferencialista é *Amantia*, como en parte xa o fora a novela de Xohana Torres, e como en certa maneira tamén o son os contos de Margarita Ledo Andiñón recollidos en *Mamá-Fe* (1983). Non podemos esquecer tampouco que a propia María Xosé Queizán, en relatos seus anteriores como "Tolería para unha desmitificación" (1972), "Eros e Tanatos" (1977) e "O tapete de ganchillo" (1978), presentaba tamén algún elemento que podería apuntar cara este novo rumbo.

A PERSPECTIVA DA MULLER

Esta nova actitude literaria está en perfecta consonancia e armonía coa personalidade da autora, posto que a perspectiva feminina leva sendo desde hai moitos anos unha constante en todas as súas actividades.

Cinguíndonos só ao traballo literario, esta teima pola muller está particularmente manifesta nos ensaios feministas *A muller en Galicia* (1977) e *Recuperemos as mans* (1980). O esencial das ideas expostas en ambos libros sobre a función, as atribucións e a consideración sociais da muller galega, así como o complexo entramado do poder patriarcal, subxacen como telón de fondo na novela *Amantia* e, nalgún caso, chegan a facerse protagonistas. Neste sentido podemos dicir que *Amantia* é unha obra feminista — aínda que non sexa só eso —, da mesma maneira que podemos dicir que *Na noite estrelecida* (1926) é unha exaltación do cristianismo e do nacionalismo, ou *Arredor de si* (1930) unha novela galeguista e nacionalista.

O mesmo proxecto da novela parte xa dunha postura feminista, a procura dun protagonismo feminino, tal como a autora expón no apéndice:

Concebín a novela a partir dun hipotético libro sobre mulleres galegas que, por unha razón ou outra, tivesen deixado a súa pegada na historia. A idea inicial foi a de facer un libro sobre sete ou oito mulleres galegas que me resultaban suxerentes. (p. 219).

Nesta intencionalidade vai máis alá que a escritora belga Marguerite Yourcenar quen, na súa lucidez pesimista, explicando como

escollera o personaxe central das *Memorias de Adrián* (1951), afirma a "imposibilidade de tomar como figura central un personaxe feminino" porque "A vida das mulleres é máis limitada, ou demasiado secreta".

María Xosé Queizán non se arredra ante este escollo e fai unha novela rebordante de mundo 'femenino. Esta presenza de mulleres apréciase xa no título, que se corresponde co simbólico nome da protagonista e que nos connota outro dos temas centrais da obra, o amoroso: "samente estamos mortas cando xa non podemos amar" (p. 214).

A coprotagonista da narración é a histórica Exeria, cristiana peregrina ao parecer vencellada á heterodoxia priscilianista. A aventura relixiosa, política e intelectual desta galega excepcional sírvelle a María Xosé Queizán para adentrarse na intrahistoria do priscilianismo, e de maneira moi especial nas súas facetas galega e feminina. Así, o fio narrativo da obra xira en torno á vida cotidiana das priscilianistas históricas ou imaxinarias que rodean a Exeria e Prisciliano: Agape, Prócula, Eucrocia, Gala, Eneocia, Maximila ou Prisca. No mundo íntimo destas mulleres, cos seus pensamentos, os seus soños, as súas aficións e diversións, así como nas actividades públicas e sociais das mesmas, é onde radica, ao meu entender, o máis grande interés da obra e a aportación máis novedosa ao panorama narrativo galego. A desmitificación, apertura e ampliación da idea tradicional do feminino e o desvelamento da ate agora silenciada realidade fecunda e pluridimensional das mulleres,

son os máis claros valores do libro e o seu maior atractivo.

Naturalmente, foi esta perspectiva de muller a que levou á autora a escoller como ambientación o priscilianismo. É sobradamente coñecida a actitude profemenina que animou e anima certas correntes heterodoxas cristianas fronte á misoxinia do xudaísmo e do cristianismo ortodoxos. Na obra hai alusións — non exentas de visión crítica— a esta realidade, de maneira especial ás ideas de priscilianistas, montanistas e gnósticos (cfr. p. 77).

Os cultos naturistas presentes nestas correntes cristianas, como nas súas raíces paganas, veñen identificar muller e natureza, insistindo, asimesmo, na simboloxía feminina. Se no acontecer do priscilianismo e da sobranceira figura de Exeria radicaba a acción argumental e polo tanto a armazón externa da narración, a unión coa natureza e a vivencia da terra son o telón de fondo e o núcleo temático da mesma. Este motivo aparece recreado nos ritos, en certa maneira panteístas, dos priscilianistas e, no seu sentido pagano e materialista, no personaxe central de Amantia, na que a vivencia pannaturista confúndese e realízase no amor telúrico á nación e no amor á muller. Montes, castros, pedras, mar ou praias son ao mesmo tempo fontes de expansión sensual e de coñecimento, porque "Amantia pescudaba na súa terra o que as amigas esperaban do miragre relixioso" (p. 101). Tanto a identidade da terra, do pobo —a

dimensión política—, como a identidade individual —sempre vencellada ao amor— non son senón aspectos deste pannaturismo que envolve toda a obra. Vexámolo nun exemplo en que a expresión do amor se resolve a través dunha simboloxía pansexual de tipo naturista:

A íntima compañía de Exeria, pasaxeira, fora un orballo sobre macelas aromáticas nas que Amantia deixaba abandonadas as súas ansias e se entregaba a xerminar amor. Nese outono carmesín os seus corpos, como se fosen almas, sublimaron o pracer ata facelo deus. Descubriron que voar e surcar aires non é só privativo dos paxaros. Eleváronse como gaivotas arrulladas de ousadía ás altivas rexións das aguías. Acertaron o sensual do revol da ledicia espida. Transcenderon a norma.

Fora unha festa de corpos entre as herbas do monte, as áreas das praias, sobre os cons achatados polo ardor do mar. (p. 119).

O pannaturismo, no que pode ter de concepción de vida prepatriarcal, posibilita un campo semántico idóneo para a creación desde unha perspectiva feminina crítica. Neste sentido, non se pode esquecer o relativamente doado que resulta negar desde un punto de vista feminino os aspectos ideoloxizados da cultura, pero o difícil que é crear novos modelos, que non sexan exclusivamente "a imaxe e semellanza" nen "contra". María Xosé Queizán percorreu unha saída que xa tiña sido apuntada e que ten unha certa tradición, aínda que ésta permanecera, en Occidente, sempre na marxinalidade: a harmonía coa natureza. Nesta liña están as constantes alusións ao mundo artesanal dos tecidos, por exemplo; á medicina natural das parteiras e curandeiras; ás bruxas; aos ritos siderais; ás facetas máis insignificantes da vida cotidiana,



como os paseos, as conversas entre amigas ou a elección do vestuario; o mesmo a dimensións máis transcendentais, como a morte.

A propia linguaxe parece, ás veces, plegarse a este pannaturismo feminino, rachando coa norma social masculinizante, como ocorre en expresións do tipo "a bebé" (p. 16). Noutros casos a visión de muller crea a imaxe poética, como por exemplo nas palabras seguintes:

Os sentimentos, como os fetos, vanse formando a partir de nós, mais sen a nosa percepción ata que xa son grandes abondo, golpean e puxan por saír. Declarados xa, hai que botalos fora (p. 55).

Outras veces, a lingua parece perderse entre as grandes presencias ou as máis pequenas cousas do cosmos feminino. É o que ocurría na instantánea amorosa que citamos antes, ou nesta outra pintura de interiores:

Aquel cadro de harmonía mol verdi-branco, de desgana reclinata, de libro pechado ó lado da man sutil de Amantia, de bastidor abandonado no regazo de Lucila, de lira desamparada ó pe de Eneocia e riso durmido insólito na gorxa de Gala foi interrompido no movemento unánime das rapazas a erguerse para rodear a Maximila e olla-lo poema (p. 17).

En fin, noutros momentos a linguaxe faise humor, dando así paso a unha vital menudencia máis do cotidiano. De maneira especial aparece nas conversas do grupo de amigas, a través da proliferación de anécdotas disparatadas ou da parodia de distintos rexistros lingüísticos.

A TRADICION GALEGUISTA

Os rasgos antes destacados —a presenza social da muller e a unión coa natureza— teñen en común o feito de ser restos prepatriarcais de clara ascendencia no pasado galego, ademais de ter sido reivindicados desde posicións feministas, mesmo pola propia autora. Conxúganse, pois, unha vez máis, potenciándose mutuamente, galeguismo e feminismo.

A tradición galeguista é, polo demais, outro dos eixos da obra, que inxire a súa temática dentro da historia nacional. Neste sentido, pode decirse que pertence ao xénero histórico, xa que nos sitúa ante unha serie de acontecementos do século V: a colonización romana, o priscilianismo, Exeria e as correntes culturais da época.

O galeguismo, na procura do máis xenuino e autóctono, tivo desde os comezos ao priscilianismo, xunto co celtismo, como un dos seus temas máis queridos, ao que deu moitas veces un tratamento mítico e simbólico. Lembremos a título ilustrativo as aportacións históricas de Manuel Murguía ou Vicente Risco, o pensamento e a creación de Ramón Otero Pedrayo ou Daniel Cortezón, ou as aproximacións ao desvelamento do enigma de Santa Eulalia de Bóveda feitas por Celestino Fernández de la Vega.

Asimesmo, a materialista presenza da terra e da natureza está moi arraigada na nosa cultura. Ten sido destacada xa na lírica dos Cancioneiros medievais e aparece como unha constante nos estudos de etnografía e antropoloxía. Pode percibirse tamén de maneira moi especial nas creacións de certos escritores, desde aqueles en quen parece ser unha vivencia máis ou menos inconsciente ou espontánea, como Rosalía de Castro, a aqueles outros nos que se evidencia como unha realidade conscientemente asumida e reivindicada, como Ramón Otero Pedrayo. Esta comunión coa natureza móstrase claramente na actualidade na poesía de Uxío Novoneyra, e de maneira especialmente significativa na creación poética de dúas mulleres: María Mariño Carou e Xohana Torres. E tamén dun xeito esencial ilumina boa parte dos versos doutras poetas como Pura Vázquez ou Luz Pozo Garza.

Da mesma maneira, o interés por recrear literariamente figuras destacábeis da nosa esquecida historia foi outra das constantes do galeguismo. Cada autor, de acordo coa súa ideoloxía, coa situación socio-cultural do momento e apoiándose nos coñecementos históricos da época, recreou, elevando á categoría de mito nalgún caso, personaxes como o caudillo celta Breogán, o arcebispo Xélmirez, o mariscal Pardo de Cela, o irmandiño Roi Xordo, a soldadeira María Balteira ou protagonistas obreiros como Amador e Daniel.

Amantia encádrase tamén na moda literaria actual da novela

histórica, encabezada por personalidades como Marguerite Yourcenar —con cuxas *Memorias de Adrián* garda relación a estrutura externa da novela—, Hermann Broch, Gore Vidal ou Umberto Eco. Dentro do panorama ibérico podemos lembrar Urraca (1982) de Lourdes Ortiz, pola proximidade xeográfica e a coincidencia do personaxe feminino central.

De todos xeitos, compre sinalar a importancia que para unha cultura marxinal como a nosa ten a recuperación da historia negada ou silenciada, aínda que esto se faga a través da ficción e esteña moi lonxe da historia como ciencia. Neste sentido, é evidente a duplicación do interés cando se trata da historia da muller, sempre máis esquecida que a do home. Xa Margarita Ledo Andiñón tiña recuperado nalgúns dos seus relatos de *Mamá-Fe* certos aspectos da particular historia feminina galega e a figuras como Emilia Pardo Bazán ou Carolina Otero. María Xosé Queizán recréanos á monxa Exeria e ao mundo de mulleres que a rodea, legando así un símbolo máis á cultura galeguista e enriquecendo o acervo cultural feminino. Se o precisase, o feminismo galego podería ver en Exeria, e aínda mellor en Amantia, un símbolo. É unha interpretación posíbel. Neguemos, senón os símbolos, ao menos a súa univocidade.

Alguén dirá que o amor a Galicia e o amor á muller perderon á autora, como nos perde sempre o amor un pouco. Pero non cabe dúbida de que ese perderse foi fecundo.

¡QUÉ EDUCACIÓN!

Falar, discutir ou escribir sobre a educación é difícil e poucas veces acertamos. Pois a educación está nunha escrucillada de intereses, na que o neno e a nena son os que menos importan.

Sociedade, televisión, familia, escola, caenlle ó rapaz como lousas e non como formación liberadora.

De tódolos xeitos, sin tratar de facer unha análise profunda da enseñanza hoxe, tratarei de traxear unhas liñas reflexivas sobre aspectos que todos sabemos, pero que casi todos tratamos de esquecer.

¿Quén non escoitou decir que a educación é a preparación para a vida?, pero vexamos qué tipo de vida transmitimos.

Durante miles de anos os conocimientos e tradicións transmitíronse de mestre ó alumno dentro dun marco de disciplina ríxida e autoritaria, a imaxen dunhas sociedades fundadas nuns principios ríxidos de autoridade. Mais hoxe se nos presenta a educación nunha sociedade democrática.

Na escola tradicional, según Freire, as revelacións que se dan entre mestre e alumno son:

a) Que o educador é sempre quen educa, o educando o que é educado.

b) O educador o que pon disciplina, o educando o disciplinado.

c) O educador fala, o educando escoita.

d) O educador elixe o contido do programa, o educando o depósito que recibe

e) O educador é sempre quen sabe o educando o que non sabe.

Según esto, o educador é o suxeito da educación e o alumno o ouxeto.

¿Cambiaron hoxe estos parametros? ¿Realmente o alumno na actualidade é o suxeito da educación?

Eu coido que aínda nos falta moito camiño por recorrer:

— *A nivel interno:*

Seguimos un programa que o mestre impón.

Damos unhas normas de comportamento baseadas na obediencia.

Evaluase ós alumnos por medio de exámenes, abonando o campo da competitividade.

Facemos da escola unha illa, sen apertura á nova sociedade que empuxa.

Pechamo-las fiestras a un idioma propio, arrincando ós nenos das suas raíces.

— *A nivel externo:*

Preparamolo na
Competitividade
Individualismo, no solidario
Niveis de autoridade e xerarquía
Disciplina
Falta de capacidade crítica
Conformismo. Actitudes de
acatamento

Medo, inseguridade
Orden



Susa Juanatey

Vemos neste tipo de escola que facemos homes e mulleres conformistas sin capacidade de crítica, seres individualistas, non solidarios, de orden e medo a autoridade e ó castigo e non persoas libres e creativas, seres acomodados e pasivos, non integrados na súa realidade.

Esquecemos que o principio e fin da educación residen na liberdade. E a mesma persoa quen se educa nun proceso de conquista da liberdade e autonomía.

Veñenme á memoria aquelas palabras de Freire, que tantas veces me fixeron reflexionar e preguntarme qué estou a facer como mestra:

“A tarefa de educar será auténticamente humanista na medida que procure a integración do individuo na súa realidade nacional, na medida que perda o medo a liberdade, na medida que pode crear no educando un proceso de recreación, de búsqueda, de independencia e á vez de solidariedade”.

SEXISMO NA ESCOLA

Cando baixamo-la vista, tan só superficialmente, dámonos conta que estamos educando a homes e a mulleres, mais non educamos á persoa.

Estes nenos e nenas seran homes e mulleres adultos con roles diferentes na sociedade, e desde moi temprana idade vamos interiorizando neles un “eu masculino” e un “eu feminino” cunha carga discriminatória tremenda.

A muller é educada na sensiblería cun obxecto final: formar parella e ter fillos.

Os nenos xogan ó fútbol, ás aventuras, ós vaqueiros. Xogos nos que a violencia sempre está presente. Fan unha conquista do espazo, e aventuranse a ir lonxe. Teñen seguridade en si mesmos. As nenas nun rincón xogan as casiñas, aprenden a ser “amas de casa ó servizo de...”.

Os nenos non queren ás nenas no seus xogos e si entra algunha será a princesa que hai que rescatar, reproducindo así os roles longamente aprendidos.

Abramos calquera libro, nas ilustracións sempre veremos á muller na cociña, ou nas distintas labores “que lle son propias”.

Un día puxen na clase a seguinte oración para analizar: “Meu pai plancha a roupa”. As risas foron medrando. Isto deu pé a unha discusión na clase sobre o papel da persoa na sociedade con independencia do seu sexo.

Mais si o seu redor viven esa realidade, é traballo de anos de concientización, traballo de xigantes que temos que facer.

Resumindo un pouco dámonos conta que a vida e a escola están divorciadas. Os nenos aprenden duns libros que contan parcialmente (cando non manipulada) a realidade.

Non se ten en conta a cultura, tradicións e historia da súa comunidade.

A lingua na que xoga, soña e se relaciona ignórase.

Reforzamos os roles home-muller.

Obligamos ó neno a estar sentado casi todo o día, dandolle a espalda ós seus intereses.

Estamos axudando a construír os cimentos da futura sociedade, na medida que sexamos conscientes desto, comprometerémonos conscientemente por dar pasiños cara a crear unha escola libre, democrática, e non sexista.

VICENT MARQUÉS, DO SEXO

—Creo que podemos afirmar que, exceptuando algúns especialistas, certas individualidades, colectivamente as únicas que sabemos algo de sexualidade, que nos preocupamos por ela, que indagamos sobre o feito, somos as feministas. ¿Podes aclararnos por que? ¿Será que os homes non teñen ningún problema ao respecto?

—*O sexo forma parte das obsesións necesarias para concebir ao varón, para que este se sinta identificado. Pero parte da base de que xa o coñece todo. El ten o monopolio do desexo. Dase o caso de que nunha conferencia sobre sexualidade masculina van máis mulleres que homes.*

—Ao parecer, tamén foi o feminismo o que puxo en evidencia a diferenza entre sexualidade e reprodución, ou sexa, que o placer sexual non ten que conducir inexorablemente á reprodución. ¿Por que?

—*Resulta evidente que a muller levou sempre a carga da reprodución sen que estivera claro o componente do placer. Ten que ser unha reivindicación da muller como suxeito pleno. Para ela a sexualidade case nunca tivo a contrapartida do placer que se lle negou historicamente.*

—¿A que se debe que o coito sexa o acto sexual "normal", "único", establecido? ¿A razóns fisiolóxicas, naturais? ¿A razóns económicas, pola produtividade? ¿A razóns sociolóxicas propias do patriarcado: poder sobre a muller, negación da sexualidade feminina, etc.? ¿A razóns relixiosas: represión do placer, etc.? É dicir, ¿que hai de

natural, de fisiolóxico, e que hai de cultural no coito?

—*Non hai máis de natural que o que poida haber noutras formas de dar o receber placer.*

—*Está en relación cunha lóxica reproductivista: asegurarse que a sociedade se reproducira. As clases dominantes estaban interesadas en que houbera a maior reproductividade posíbel. Así, as outras formas de placer pasaron a considerarse ridículas, infrahumanas. No mellor dos casos son considerados como "xogos preliminares", algo que non ten importancia. Para min o coito é unha forma máis. O peor é a lectura oficial do coito como "algo que se lle fai" á muller. Non é necesariamente iso. Sen privilexios, pode perceberse como fusión ou participación. Hai tantas razóns para definir que o home penetra como que a muller absorbe. A primeira forma parte do discurso masculino que hai que desmitificar.*

—Tería moito que discutir sobre estas opinións de Vicent Marqués pero non hai tempo. Aínda así, insisto. ¿De non existir o sistema patriarcal o acto sexual sería igual?

—*Non, evidentemente non.*

—De pensar, como alguén pensa, que o coito obedece a un impulso procreador do ser humano, ¿como explicar que nas relacións homosexuais, onde non hai reprodución, non se liberen da introdución, do afán de penetrar?

—*Por todo o peso cultural. No ser humano a ruptura coa natureza é clara. "A natureza dá todas as preguntas pero non todas as respostas". Todo é cultural.*

VICEN MARQUÉS, PROFESOR, SEXÓLOGO, O QUE SE PREGUNTA "¿QUE HACE EL PODER EN TU CAMA?" E QUE DESMITIFICA OS "DRAMAS SEXUAIS" NAS PAXINAS DO SUPLEMENTO DO PAIS, É O UNICO HOME QUE COÑEZO CON QUEN SE PODE FALAR DE SEXUALIDADE SEN QUE SE POÑA EN GARDA, QUE TEN UN COÑECEMENTO FONDO E UNHA VISION CIENTIFICA DO FEMINISMO, QUE ANALIZA A REALIDADE SOCIAL, COMA NÓS, A PARTIR DO SISTEMA PATRIARCAL DOMINANTE. EU DIXENLLE UNHA VEZ QUE ERA O NOSO COMPAÑAIRO DE VIAXE. E DIGO MAIS É COMO UNHA ESPERANZA. FALANDO CON EL CASE PENSAMOS QUE É POSÍBEL QUE OS HOMES POIDAN CHEGAR A SER NON OS NOSOS PAIS, MARIDOS, AMANTES E MACHACANTES, SENÓN OS NOSOS AMIGOS. MÁGOA QUE SEXA SÓ A EXCEPCION QUE CONFIRMA A REGLA. CON EL, ¿COMO NON?, FALO DE SEXOOOOO.

—¿Como cambiar? ¿Como levar a cabo os plantexamentos teóricos? Porque hai un interese evidente de que non varíe. Hai unha difusión permanente dun xeito único de acto sexual a través da lit, das imaxes, do cine, etc.

—A pesar dos medios de comunicación, neste momento hai unha posibilidade de cambio. A mesma posibilidade de que unha persoa membro dunha nacionalidade oprimida cambie. Individualmente unha persoa pode cambiar. Cando un home casa cunha muller tradicional tenno merecido. Hoxe hai posibilidades de facer outra vida, desde o punto de vista social e sexual, cando menos nas clases medias.

—Pois eu, nos últimos tempos, observo o contrario, unha volta ao tradicional, ao fogar, a ter fillos...

—O embarazo funciona como a Legión, á desesperada. É como un medo á liberdade, un querer atarse. É unha tendencia suicida.

Esa recalda que ti dis non se dá por circunstancias obxectivas. Quizás os progresistas dos anos 70 non eran tan progresistas, non tiñan interiorizado o cambio. Unha chica que empezaba a ter relacións sexuais libres polo que lle dicían, por exemplo...

O cambio é duro. Como a loita entre os dous componentes humanos de seguridade e liberdade. Algúns buscan a seguridade: centrarse, traballar, non saír polas noites, cuidar nenos... A parella... Hai dúas razóns para estar en parella: a necesidade (necesito, quero nesta altura estar con esta persoa) e a seguridade. Pero non hai factores sociais que xustifiquen

o matrimonio. Non os hai ou son perversos. Casar significa pedirle garantías ao Estado de que a outra ou o outro non se lle vaia escapar...

—Existe unha confusión entre o acto sexual e o amor. O eufemismo: facer o amor, parece absurdo e mesmo cruel. Segundo isto unha violación sería un acto de amor. Empregáse incluso para os animais. Téño escoitado nos medios de difusión...

—O vocabulario está contaminado de patriarcalismo. A min facer o amor góstame para definir as relacións que están ben, como expresión de amor. Os medios de comunicación emprégannos para disimular o sexo. O problema depende do contexto. A linguaxe, neste senso, pode ser moi curiosa, por exemplo a expresión "quérote" é mais forte que "quérote moito".

—Os arapesh tiñan dous tipos de actividades sexual con diferentes nomes: unha xogar e outra traballar. Parece que na nosa cultura, tan avanzada, retrocedimos e quedamos somente co último. ¿Que opinas dese esforzo, desa ximnasia á que se reduce a relación entre dúas persoas?

—Estou en contra dese traballo. A relación sexual non debe ser ningún obxecto, fin, logro ou resultado. Hai un dramatismo da sexualidade tanto nas xentes "decentes" como na pornografía. Tamén existe esa idea de traballo en certas obras de sexoloxía. O orgasmo é como o premio de fin de curso. No me gustaría asociar a idea de traballo á sexualidade.

—¿Non subxace aquí a idea de produtividade da que falábamnos ao principio?

—A época na que sexualidade era reprodución rematou. É un fin en si mesma. Dúas persoas van á cama para estar ben non para facer nada concreto. Actualmente pasamos do varón que la a "desafogarse" ao que vai a "facelo ben".

Por outra parte temos a aparición dun tipo de muller que se cuestionan que o home leve a batuta. Unha cousa é clara: a confianza dos homes en si mesmos perdeuse. Iso non hai quen o pare.

Hai mulleres que teñen un comportamento máis libre que antes. Pero algunhas quedan na adopción de comportamentos machistas e exige que o señor llo faga mellor. Isto mesturado co feito de que a muller fale con outras mulleres, que lle conte ás amigas o comportamento sexual do individuo, conduce a un medo ao ridículo. Os temores masculinos incrementáanse. Antes ninguén coñecía nen cuestionaba o seu comportamento sexual.

—Seguindo coa lingua, que explica tantas cousas... Moitas linguas usan a mesma palabra para copular e comer. ¿E realmente un acto devorador?

—(Ri, francamente sorprendido). Non tiña pensado niso. A ver. A esencia da relación, liberada da afirmación masculina e da procreación é a de xogar. No xogo poden valer moitas cousas. Alimentarse do outro queda bonito, ¿non? Desde logo, no proceso

aparecen elementos arcaicos. Pero todo isto é moi relativo. Por exemplo, o mordisco pode ser unha caricia, pero ¿até onde? A min interésame resaltar a idea de xogo pero un xogo que non ten que implicar trivialidade nen frivolidade. Hai que desdramatizar o sexo, si, mais concederlle a súa importancia. O que acostuma a ocorrer é que dúas persoas poden ter unha relación moi estreita, contarse a vida e sentimentos íntimos pero nada ten importancia se non se deitan. Neste sentido hai que desdramatizar o sexo.

Volviendo ao tema da linguaxe, creo que cambiaremos antes as actitudes que a linguaxe.

— Unha feminista portuguesa, Fina Armada, despois de ler as declaracións dun científico israelita, Mordejai Sharf, que ve próxima a posibilidade reprodutora por partenoxenese e afirma: "Dentro de 5 anos as mulleres poderán ter fillos sen necesidade do home", chega, deixándose guiar da imaxinación, non exenta de reciocinio, a dilucidar a clave do sistema patriarcal. Segundo ela, os homes, oprimindo ás mulleres, afastándoas da instrución, do coñecemento, da ciencia, dos postos de decisión, do poder sobre o propio corpo, ¿non estarán a defender a súa sobrevivencia, o evitar seren barridos da terra?

Tremendo, ¿non?. Sen irmos tan lonxe, de feito a produción dos fillos é *limitada*, exclusiva das mulleres e isto pode levar a...


— *Si, ao temor ás mulleres. Isto existe. E tamén envexa da maternidade. ¿De onde ven ese*

temor? Non creo que veña da teoría anterior. Aos homes non se lles pode ocorrer que poidan facelo sen eles. O temor á muller podería vir do temor á nai, de cando os nenos son pequenos... En cada muller verían, logo, o fantasma da nai e tratarían de vengarse en cada muller da idea da nai... En fin. Faltan teorías psiconalíticas. É un terreno aínda pouco tratado. Eu vexo dúas cousas. Por un lado os mecanismos de envexa. Por outro a mala conciencia do opresor. Existe sempre un medo do opresor ao oprimido. Ninguén sobrevalora tanto a capacidade revolucionaria do proletariado como a burguesía.

Despedímonos de Vicent Marqués que parte agotado para as súas terras valencianas. Agotado non polos cursos de sexualidade que viñera impartir nas Xornadas de Ensino celebradas en Vigo senón porque a súa filla que, o acompañou na viaxe, non quixo perderse nada da "movida" viguesa e, claro, a cousa é *dura*.



Vigo, Sept. de 1985



CHAMAMENTO

Debido ás circunstancias históricas do noso país (máis ben sería dicir non históricas), ao centralismo de Estado, á carencia dunhas institucións propias, á inexistencia dun control sobre os nosos bens, tanto económicos como culturais, fixo que, do mesmo xeito que foran expropiadas as materias primas e as mesmas persoas, fóramos desposuídas do noso patrimonio cultural.

A través de autoridades, tanto civís como relixiosas, por medio das institucións ou polo conduto das ordes relixiosas, os nosos documentos, os manuscritos de interés, os textos máis preciados, encóntrase fora da Galiza. Dalgúns temos noticia. Por exemplo certos textos medievais:

— “A Crónica Troyana”, versión galega de “Le Roman de Troie” encóntrase na Biblioteca Nacional de Madrid.

— O texto bilingüe de “Historia Troyana” está na Biblioteca Menéndez y Pelayo de Santander.

— “Os Miragres de Santiago” que incluí o Codex Calixtinus, tamén está na Biblioteca de Madrid.

— A tradución galega da “Crónica General y de la Crónica de Castilla” de Alfonso X, temos (teñen) dous manuscritos que repousan na Biblioteca Nacional de Madrid e na Biblioteca Universitaria de Salamanca respectivamente.

— A versión galega de “General Historia”, redacción galega da segunda gran obra do rei Alfonso X, está na Biblioteca do Escorial.

“A Crónica galega de 1404”, orixinal galego descuberto a primeiros de século en Madrid y

logo adquirido pola Hispanic Society of América.

Isto é unha mostra. Estamos seguras que tanto nas Bibliotecas españolas estatais como nas das Ordes relixiosas dormen moitos documentos que poden despertar o interés do noso estudo e esclarecer a nosa historia.

Consideramos totalmente necesario que todo o noso retorne a casa. Por iso facemos este chamamento ás autoridades tanto da Xunta como ás universitarias e académicas, así como ás Asociacións Culturais e outros organismos e persoas interesadas pola cultura, para que poñan os medios necesarios que nos faga recuperar o noso patrimonio cultural.



RECITAL A ROSALIA EN COMPOSTELA



M.ª Xosé Queizán



Ana Romani



Anxeles Penas

Na noite do 17 de Xullo de 1985 celebrábase na Praza de Mazarelos, un homenaxe poético dedicado a Rosalía de Castro, organizado pola Asociación de Escritores en Língua Galega. Nesta homenaxe participaron 26 poetas — homes e mulleres — e máis de duascenas persoas escoitamos as súas voces. A música correu a cargo de Xosé Manuel Beiras amenizando durante toda a noite a lectura dos poemas.

Dos 26 poetas só 7 eran mulleres, mulleres por outra banda moi coñecidas como traballadoras da cultura galega. Entre elas cabe suliñar a: Helena Villar, M.ª. do Carmo Krukember, M.ª. Xosé Queizán, Anxeles Penas, Ana Romani, M.ª. Xosé Canitrot...

Este acto coincidiu co Congreso de Rosalía de Castro que se viña a celebrar nos mesmos días. A participación destas e outras mulleres no Congreso foi decisiva para dar unha nova visión da nosa poeta. Elas reivindicaron a obra e persoa de Rosalía e denunciaron a manipulación a que foi sometida.

Tamén este día 17 de Xullo, foi presentada pola mañá na Facultade de Xeografía e Historia a nosa revista "Festa da palabra silenciada". Na mesa se encontraban: Pilar García Negro, M.ª. Xosé Queizán, Helena Villar, Encarna Otero e Isabel Mouriz.

Estas mulleres explicaron como e porque se fai unha revista destas características e tamén porque vai dedicado este 2º número a Rosalía de Castro.

O día 17 de Xullo é unha data que non podemos esquecer. Neste día a única protagonista era a muller e a poesía das mulleres. Feito avalado pola presentación dunha revista de mulleres e un acto poético, donde as mulleres sobresaíron pola interpretación e sensibilidade.



Amanda

RECITAL A ROSALÍA EN COMPOSTELA



Flena Villar



Mª. Xose Canitrot



Mª. do Carmo Kruckrenberg

FESTA DA PALABRA CON ROSALIA

O día 13 de Abril de 1985, con motivo da presentación do número anterior da nosa revista dedicado a Rosalía de Castro, celebramos unha Cea-Homenaxe en Padrón á que asistiron mulleres procedentes de todas as partes da nosa terra. Foi un acto histórico, emotivo e entrañábel; un acto que perdurará na memoria de todas nós e que quixéramos que quedara escrito con letras de amor nos anais do noso país.

Algunhas das asistentes falan así deste acontecemento:

CEA DAS MULLERES

Foi un acontecemento histórico polo que tivo de ruptura das formas preestablecidas por unha sociedade machista.

O simple feito de que sesenta e cinco mulleres se reunan para cear sen seren acompañadas por homes resulta algo insólito. E de tal maneira era así, que o dono do restaurante estaba preocupado polo que podíamos facer; en ningún momento deixou de ternos víxiadas. De seguro que se había de preguntar ¿que pintaban aquelas mulleres alí soas?

De seren homes os que ocupasen aquelas sesenta e cinco sillas a situación cambiaría totalmente. É normal que os homes se xunten, sos ou con mulleres, para cear ou para faceren o que se lles ocorra. Como seres libres que son, eles deciden cando levan as mulleres e cando non as levan. Por sermos mulleres aquilo convertíase nunha situación extraña, mesmo para nós.

GALICIA • MARZO DE 1985 • ANO CONMEMORATIVO DO CENTENARIO DE ROSALIA DE CASTRO



creación

Coa *Cea* amosámoslle á sociedade galega que non existe característica intrínseca ningunha polo feito de sermos mulleres para non poder ter autonomía e divertirmos entre nós, se iso nos parece oportuno.

Prescindindo da repercusión histórica, que este feito poida ter, e de calquera militancia, a cea foi unha festa amistosa, pasei unhas horas moi agradables conversando e rindo con xente coa que tiña cousas en común.



Camino Noia

FOI FERMOZO

Un paso máis na nosa andaina. Para algunhas cecais un punto de partida. Tres xeracións de mulleres, xuntas, arredor de unha muller valente e loitadora, Rosalía. Falouse, recitouse, cantouse, dialogouse, sen presas, sen tensións, ca mente e o corazón abertos... Non había que mante-lo tipo ou agardar a aprobación de algún cabaleiro. Necesitamos facer moitas reunións coma esta, para saber máis de nosoutas e das nosas inqedanzas.

Foi unha festa que non poderemos silenciar. Agora, no noso traballo e na nosa solidariedade — para con nosoutas mesmas — está o FUTURO.

¡Enhoraboa ás organizadoras!



Teresa Navaza

CEA PADRONESA

¡Padrón, Padrón!, exclamara Rosalía con grande admiración polo seu lugar de residencia e de afectos.

¡Padrón, Padrón!, exclamaría de ter lido a súa partida de defunción onde consta de profesión os seus labores e casada co escritor Manuel Murguía.

¡Padrón, Padrón!, se soubese que alí se pon en dúbida a oportunidade e posibilidade de pertencia das féminas a unha sociedade cultural ¡Padrón, Padrón! — así e todo exclamo eu tamén — que nos permitiu a unha representación das mulleres de Galicia xuntámonos en liberdade para a honrarmos. Porque xuntarse en liberdade é obrar sen complexos, sen falsas xerarquías, e en igualdade de oportunidades con calquera reunión de persoas onde se fala e se aviva o espírito nunha froitífera análise da situación que nos envolve.



Helena Villar Janeiro

ROSALIA NON...

Rosalía nom podería ficar en um cimério.
A luz da sua vida abriu-se cara nós.
A sua auténtica expresom já soubo demasiado de silêncio.
E o seu descubrimento convoca-nos máis alá da sua morte.

M^a. José Canitrot.

Sesenta mulleres comunicandose.

Sesenta mulleres cantando, recitando, opinando, sorrindo.

Sesenta mulleres vivindo a ledicia da homenaxe.

Sesenta mulleres: escritoras, arquitectas, traballadoras da casa, poetisas, estudantes, actrices, funcionarias en paro, abogadas, pintoras, mestras, periodistas...

Sesenta mulleres, vivencias, sentimentos, iniciativas, vivas.

Mulleres soas, múltiples, diversas, individuais, autónomas, con criterios diferentes.

Sesenta mulleres por si mesmas.

Sesenta mulleres celebrando.

Sesenta e unha mulleres:

Rosalía.

Foi a Festa da Palabra con Rosalía.



Ana Román

ROSALIANS

Eu o que destacaría da cea con motivo do monográfico da Festa da Palabra adicado a Rosalía, é o feito de xuntarse sesenta e cinco mulleres que traballan en distintos colectivos, escritoras, poetisas, algunhas sen ningún tipo de militancia feminista, e aínda algunha máis que sen ter ningunha relación coas letras, asistiron polo só feito de sentirse mulleres, galegas que é o mesmo que dicir rosaliáns.



Ana M^a. Blanco Gómez

ENMA LUACES

LEONA

A partir de 1830, entre as mulleres xóvenes prodúcese un desdén polas conveniencias do seu sexo, un desexo de excentricidade chamativa..., que creou un tipo novo: a leona... A leona simulaba menospreciar os encantos femininos. Non quería nen gustar pola súa beleza nen engoilar polo seu carácter, senón abraiar polas súas audacias.

MARIE D'AGOULT

Leona.
Recolle o roxo
revólver
a furia amazona
da frecha.

O arco en curva
como a lua
Loba vólvetes
bandoleira.
Virate Vita
fustra e fusil
audacia cazadora

Femia leopardo
desafía a noite.
Sorprende
actriz excéntrica.
Compíte en todo
alto tacón
tacos e tabaco
verba rival
no fume
da tertulia.

Loita.
Logo
será o soño.
Loba.
Leona de Lesbos.

VEN LOBA

Só tí, Loba, sexas quen sexas
FELIX GRANDE


Ven loba
lobeca
aloia laberca
lobada miña.

Chega loira
licor lambetada
lumieira de quentura
lume quente.

Fai que fuxes
en lóstrego ledo
boligueira cousa
lontra amantiña.

Volve de veludo
osa
algodón e liño.
Aniña
novelo de la
gata tenra.
Fúndete
franela felpa
peles e pel
calor perdido.

Fica fondo
na pel
toda ternura.



exaion

ENMA LUACES



VES FILLA

Cóntase que a poboación fisterrá naceu dos amores dun lobo mariño das Illas Lobeiras e dunha serea; e da serea dícese proceden os encaixes de Camariñas.

XESUS TABOADA CHIVITE

Ves filla
do aló das illas.
Fuches concebida
enxoval de lume líquido
no límite fisterra.
Máis alá do linde
en amor lobo
soños de sereia
tecéronte mariña
filla
lenzo broslado
encaixe de cristal
alba lobeira
limpo liño.

ANA ROMANÍ

Está é a despedida,
—aceptado o naufraxio e a derrota—
arrincar as algas das azas levemente,
pasear na onda, solitaria,
bica-lo mar
e erguer o voo.



XELA ARIAS

NOCTURNIDADE

caen inverno as chuvias longas as melenas
a cidade revolcadas
—ascenden páxaros abertos— o fume do meu cigarro
recóllome
aposto gritos na noite
se che falo non collo no cuadrilátero da habitación
saio

pasado o solpor xunguín fíos nebulosas onte
nos prostíbulos de horas que son —sen sol— as rúas
interna visión para esgazados habitantes
degrañando sentidos —un lapsus— nos interiores

xunguir fíos nebulosas foi dicir
denuncia-lo equilibrio das estancias

as miñas estancias descubertas pasado o solpor
—cando a chuvia non deixou roto oeste vermello
no horizonte—
os corpos na luz morna que produce a escuridade
(caio —suaviño chapuceo)
e hoxe despois de onte só eu —sei do segredo



CRISTAL

LA PROVENCE

Agardando a túa chegada,
o pai Mistral
foi poñendo pretos os meus peitos
e vín madurando as amendoas
e as últimas mazáns


A cada son do sol
os ollos
acochaban as cores do lume,
relembrando os rumores das coníferas.

Asimesmo sumerxín as máns pálidas
na terra, espuma e porosa,
dourando a face nos xugos
do viño e da cerámica,
laborando, recollendo,
preparándome de cobre e fermosa
para o teu retorno.

E recorrín os antigos camiños
asistindo ao lonxano
sólpor nas tégulas,
e o doce combar do granito
nas pontes e nos templos,
escoitando o gozoso canto
da lúa na mica e os cipreses,
aprendendo rumores novos
para arrolarte.

E batallei duras contendas
destragándome o corazón aberto,
o burato mesmo do alacrán
rocei espida polos penedos,
para así ofrecercho de novo
mais fértil e mais pleno,
destruído xa todo aquilo
baixo e innomeado.

E aínda mais vivín
toda eu enteira
ate que chegada foi a hora
de amar
a túa xubilosa danza
de raíña



e coroas de lavanda na frente altiva,
e o aroma matinal das lameiras e a camomila clara,
e o doce viño xugoso nos labres.

Ate que foi chegada o tempo noso
de cabalgar veloces
rumbo ao N.
libres amantes inmensas,
a donde os ventos que todo o limpan.

○
20 - Outono - Köln

crystal

crisis

CRISTAL

SERIA VRAN EN COMPOSTELA

Aquí estou,
podes ver o meu corpo de batracio
sumerxido no teu recordo
e soñándote nun Santiago
lonxano e circular,
donde a lúa se derrama
clara i espesa
nos buratos do granito,
a mica crepitando
na pel do templo.

London hoxe esténdese
cal deserto ou mar sen sal,
como decirche amada
que se me agolpan extrañas materias,
cascotes, bloques metálicos, nenas con fame nas avenidas
e non podo rescatar de tanta dor
este poema que me fuxe.

Eu,
soñándote nalgún outro escenario
que rememore o teu corpo de ánfora,
os ollos con serpes e fentos,
e aquela ledicia que tiña a nosa libertade
pra coller o tempo e arranxalo.

Hoxe a pedra de Compostela
vólvese táctil e brandísima,
e podo ver lonxanamente
os teus cabelos ardentes no solpor da Quintana
ou o calor do vento nocturno
que me ofrenda bicos mouros baixo as farolas.

Ascendo con pes de fume
as nodosas e moles escadas
que me levan ate o centro do teu alento,
donde o ventre ergue ferverzas luminosas,
buratos verdes, pálpebras, minerais,
e cal aguia de prata
precipítome no vértigo
un mar fondo e viscoso con tentáculos
informes no ventre materia que succiona

amebas e planetas coma labres apreixando
oh Deus!
vexo tan perto un horizonte de lumeiras.

Así podes verme agora:
London 20 de Xulio,
fundida no letargo do teu colo
coma sapoconcho de fogo,
e cunha docísima dor
cravada na brandura das vísceras.



CHARO PITA

Foron os ollos de mil oitocentos
paseando silenciosos en hemorraxia de piano
escalando nos dentes de marfil a melodía.
Enfriaron, as carnes do asfalto, o rapé e a seda,
os derradeiros azoutes do peluquin nevado.

Aqueles ollos de mil oitocentos
resumindo-se en mazurkas,
en símios que se negan,
en horas cotrosas de suor picante.

Rapaces taladrados,
pupila abuguiñada como eslabóns de cadea.

Trouxeron-me ollos de mil oitocentos,
berros de home escuro e cuspe seco,
de vixílias febris nos ósos derretidos
e risa de augardente.

E foron os ollos
pergaminos de sangue nos tremores da guerra.
Tuberculosa dona,
balcón e escala.
Exílio musical de breve movemento,
polonesa altiva de libertade absoluta.

Mil oitocentos
que enche o peito con dedos hábeis
que sube os peldaños cara á sublime xusticia.

Aqueles ollos "Chopinnianos"
con fondura da patriota e amante,
aquele mil oitocentos
foi tempo
nesta rúa de fiestras musicadas.
E sei que o tempo é un punto no longo dunha línea.
fuxindo como perla de collar esnaquizado.

RITA MÁ S YBAÑEZ

MANIFESTO DA HISTORIA NEBOENTA

"Per exemplo di lei bieltà sí'prova" (Próbase a beleza có exemplo de ela).

Non creades que somos samente aquilo,
nin somos encaxes branquísimos
das augas cristalinas
onde deus durme noso engano.
Non temos bágoas douradas
para os altares da "vosa historia",
nin estamos eiquí para darlle razón
a filósofo idealista
nin poeta que pensa nun exemplo ventado.

"Las Cortes quedaban constituídas en un único Congreso de diputados, elegidos para cuatro años por sufragio universal, *incluso femenino*".

(Constitución 1931. "Geogra. e Historia IBERICA". M. Balanzá; J. Roig; P. Benejam; M. LLorens; R. Ortega. Editorial Vicens-Vives. 1982).

Levantado o grito,
esquencín aquela posibilidade imaxinaria
para chegar ó máis branco.

(Foi unha metamorfosis de auxilio
até o profundo núcleo da nada).

Había de chegar onde a besta praxe a súa gordura
e asestarlle un golpe mortal
que arrincara o segmento das mans escravizadas,
de aqueles séculos mudos "coidando nosa voz"
coma raxelo que durme na lembranza.

creación

RITA MARIA IBAÑEZ

MARISE ÁLVAREZ BUGALLO

se tivera brazos coma pombos
atravesando lentas neboádas,
e mollada de noites invernais
ficara nos andámeos...

cicáis voltaría.

se fora batel que durme
peneirando versos coma espumas,
e ferida de escuros outonais
bicara nos carballos...

¡lembrando aqueles mortos,
cicáis, cicáis voltaría!

"Decir NON, é escomenzar a pensar".

Resiste teu peito os achaques
porque eres a mesma agonía,
levas os séculos
de temor no costado,
e aprendiches
a non entrar nas igrexas,
pero tampouco entraches alíva
na casa dos amos
para botarlles a humildación
sobor da mesa.

Comiche o pan que te serviron
porque sufrías fame de miseria,
(epidemia
que estenden aos mansos).
Eles durmen profundamente
porque compartes a mentira
da súa hipócrita inocencia,
e son culpables de sentir pena,
coita polo recolemento
do teu sono inqueda,
culpables de ver a túa ropaxe
agardando amañecer
igoalmente asustada,

son culpables de axuntar raíces
espuntando a arboreda
do teu monte desnudo,
culpables de falarlle
a túa bouca enmudecida,

¡culpables de facerte a súa pregunta!
— "¿Verdade que si...?"

(D. VIÑAS)

HOXE VIN CHORAR UNHA ESTRELA

Hoxe vin chorar unha estrela.
Estaba soia nalgún sitio
tentando pensar que pensaba,
e a miña mente xurdíu o desexo
de ver pero sin ser miña, unha bágoa.
Pechei os ollos rubida ó ceo
e soñei con unha viola,
da que agora soio teño o arrencendo
pero sei que era enfeitizante e bela.
Corrín cara ela por un campo
un suor frío percorría a miña cara,
alguén me empuxou e paseniño
achegueime e poiden admirala:
o que a min me pareceu unha fror,
era baixo un desfrace unha estrela
por amore agoniando
e cando a toquei choraba.
De súpeto o soño foise
e quedeime soia:
aterrecida mirei a miña man
¡aquela bágoa, queimáraa!

ANA ANTONIO

O RELOGIO SOBRE DA MESA VAI FORMANDO AS NOSAS TARDES

María esta carta nom é todo
o que hoje sinto,
pero quero María, ter o teu corpo químico
no plumim desta paisage.

Estou só sentado frente
ao maremoto que levanta
a tua lembranza na ría.
Sinto de vagar os marinhos
luitando por manter a flote o barco
como mantenho eu a flote
os meus olhos polas bágoas
que comezám a agitar-se em maregia.

Hai pouco acercou-se-me um neno
e coidei que fora o noso filho
pero nom me chamou pai:
María, levo tanta mágoa em calma!
Nom sei canto tempo
levo agardando que pare este vendaval
que aínda tenho
no meu corpo
as pegadas do teu paso golhopante
por iso quero, María, que saibas,
que nom tenho tempo para esquecer-te.

Onte pasei por diante da tua casa
e vim que as tuas janelas fechadas
anunciavam a nosa morte.
Nom sei María, porque tenho
esta estúpida teima de escrever-te bébedo.

Quando hoje me deite, estou seguro,
María
que sonharei co teu corpo nu,
percorrerei as tuas longas pernas,
as de azibeche nacarado.
Farei umha escursóm polo teu pubis
e, estou seguro que ali empreharei do teu desexo.
Escarparei os teus peitos e
já meio morto de paixóm
avivarás o meu aneio co branco alcol das tuas alturas.
Sonharei María
que nom recebiche esta carta.

María
nom me importa confesar-te
que tenho medo de ter-te amado.

Outra vez está o neno do que antes che falei
ao meu pe
Se viras María...
tem os teus olhos
pero cubertos de pestanas como as minhas,
um bosco de cobardes pestanas.

María, já tenho alcol no papel
e sinto a tua pituitária
recibindo o meu bébedo arrecendo.
María esta noite,
por um estúpido revolver matei-me;
sei que vas desculpar a minha letra má
pero creo que a morte está chegando aos dedos.

María, hoje preparo eu a cea
pero se chego tarde
nom me agardes viva,
quando chegue
beixarei o teu beijo de agardanza.

María já me despido
mantem nos peitos a minha carta
quente no teu amor maternal

Quéro-te, por estas noites

P.D.: Aínda nom podo crer que morreras hai catro días
O relógio segue a formar as nosas tardes.



exclamação

CARYS EVANS

Carné de persoa

Sheila Perry correu, feita un lóstrego, ata o mastín que estaba a devorar ó cativo Xan Souto. Sultán xa non se percataba de nada máis ca da súa ansiedade de sangue fresco. Entroulle a tolemia aquela, pensou Sheila, coma ós malaios rurais cando lles dera a *amok*.

O bruído que metía o can, entre rosnadelas, taniscadas e ladridos, arrepiaba a calquera.

—¡Sultán! ¡Sultán! ¡Fóra! ¡Fóra, digo! ¡Ven aquí! ¡Sultán!

O berrar non servía de nada. Aínda que o can acostumaba acatar sempre as ordes de Sheila, hoxe a voz da dona perdíase entre molliños de pelo do meniño que non deixaba de chiar.

Cría corvos e che sacarán os ollos, dise en castelán. E ela en primeiro lugar non pedira un can feroz. Cando dixera a Ricardo que tiña gana dun cadeliño dos chusqueiros que tivera a cadela dos veciños, o seu home mercoulle o can máis grande e máis caro que atopara á venda en Galicia. E coma sempre, Sheila non fora quen para dicirille que non o quería. Nesta ocasión evitou a situación violenta procurando gana-la batalla pola man: púxose a salva-la súa cara ante si mesma afogándolle ó animal nos mimos, a esperar que éste, ó se crer animalíño de compañía, portaríase como tal. E a cousa non parecera marchar moi mal de todo, tampouco. Ricardo, que non mirara con moi bos ollos o trato "de mariolo" que recibía o can, repetíalle a marear aquilo de que Sultán era "de raza nobre". Sheila non entendía isto moi ben, pero parecíalle que significaba que o can era de moito barullo e moi bulizoso, e que se criara para te deixar feito xiróns pola cara, e non ás agachadas dende atrás, coma un can de palleiro calquera. Ademais, para que lles ís servir ter un can sen pedigrí, preguntáballe Ricardo, co seu desconcerto a se trocar en enoxo. Os ingleses entendían de cans, ¿non? E ela era inglesa de ben. Por iso casara con ela. Non cadraba na súa imaxe ter un can de palleiro.

E velaí o animal, fiel á súa casta nobre, a magullar un neno da alta sociedade.

Sheila botouse entre a fera e Xan, a pregar que o arrebato de Sultán amainara, que non lle dese por atacala a ela no mesmo remoiño de rabia. Coa cara esmagada nunha pasta de sangue e baballa que fixera Sultán na

cabeciña do neno, pensou en Ben-Hur e Tommy, os seus cans de Seremban, que pelexaban coma demos cando tocara prendelos na cocíña, onde non podían enxoallar ás xentís visitas malaias cos seus agarimosos lambidos, obrigándoos a que se sometesen a xornadas enteiras de levaxes rituais e cantigas relixiosas. ¿Por que non lle cadrara ó Robert ser de aquí, de agora, en non daquela? ¡Qué remexo de haberes e déficits emocionais no tempo e no espacio! Robert Ratnam... o único home que ela chegara a querer ben e que ademais servía para todo. Xa non máis, coma dixo o corvo de Poe, xa non máis Robert Ratnam, xa non máis Malasia, xa non máis Sheila Perry.

—¡Sultán!

O mastín atopábase agora a taniscar ós anacos do neno que apañara fóra da protección que lle brindara o corpo de Sheila.

—¡Sultán, xa!

De miragre o can levantou a súa gran cabeza de bala de cañón e ollou para o infinito co seu mirar marelo e aparvado. Sheila púxose de pé nun atropello de nervos, a tirar do colar de pinchos do can.

—¡Colle agora a Xan! —berrou á nai do neno, — ¡xa, mentres vou amarar a Sultán!

Tirou darrastro da gran mole do mastín ata a parte de atrás do chalé, e deixouno ben encadeado ó seu poste. Despois deulle catro vasouradas ben cumpridas.

Cando chegou afogando á porta da casa oiu anguriada que se apartara o coche da de Souto cara á Coruña, e, era de supoñer, un médico. A señora non quixo agardar para Sheila. Ela mesma non agardara en Granada. Luis aparecera demasiado axiña. Namorouse del a propósito; proveuse deste xeito da documentación da noiva andaluza, mal selada, con XA NON MÁIS con letras esborrachadas en tinta negra ó redor do lugar e da data: Seremban, 1966. Pero, servíalle de Carné de Identidade, cunha lista de normas a seguir: fora un código para a supervivencia. Mesmo Luis fora unha figura velaiña, case un rapaz moleque, obxecto de namoramento, investido ós poucos, e sen ter que facer nada, con toda a parafernalia dun enredo emocional, do sexo, e do mundo palpable que existía máis alá de Granada.

Sheila lavou as mans na auga da mangureira do xardín. Eran unhas mans longas e delgadas, pero non viron a crema máis de dúas noites seguidas. Unha muller española morrería de vergonza de ter unhas mans así de mal coidadas, segundo lle dixera o granadino un milleiro de veces. E agora Ricardo, o seu lexítimo esposo, aínda que non lle agradara a súa actitude de impaciencia coas horas de peluquería e de manicura, sempre buscaba o xeito de deixar ver ás amistades que achacara a falta de interés de Sheila nestas cousas ó feito de que fora unha eccentricidade típica inglesa.

A ela iso xa tanto lle tiña.

Sabe Deus a qué médico Cristina Souto levaría o neno. Sheila sentouse na entrada do xardín e chorou como nunca na súa vida.

Xa pola tarde, a voltas pola cociña, parecíalle ter a moral máis no seu sitio. Dérase unha ducha, pintárase a cara, e xa semellaba outra, aínda que o do neno non lle pasara da cabeza. Viña sendo hora da programación infantil na televisión, de visión obrigatoria nos días de Gardería. Hoxe non era día de Gardería. Xanciño Souto e mais a súa nai chegaran de súpeto, sen avisar. Souo o teléfono.

—Diga.

—Son Cristina Souto, Sheila. Estou no Hospital Provincial. O de Xan non parece ser tan grave coma pensamos no momento. Seica lle faltan dous anacos de pel da cabeza e coidan que ó mellor lle quedou tocado o oso, pero non van saber o dano que pode haber ata que operen. Pensei que che gustaría sabelo.

—Síntoo tanto...

—O motivo da miña chamada e dicirche que queren saber se ó can lle puxeron a vacuna da rabia.

—E que eu mesma non che teño o certificado, pero a persoa que nolo vendeu...

—Mira, Sheila, todo isto está moi ben, pero queren ve-lo certificado antes de comenza-la operación mañán. ¿Encárgaste ti del?

—Claro, naturalmente... síntoo tanto.. daría calquera cousa para que non pasara isto... eu...

A señora de Souto colgoulle coa palabra na boca.

A rabia. En Seremban ós cans rabiosos se lles vía ás veces, a camiñar polas rúas co seu paso cheo de intención misteriosa, e ós nenos metíaselles nas casas nun periquete, mentres que os maiores berraban a noticia do perigo de casa en casa para que ninguén cruzara o camiño do can doente ata que chegaran os policías coas súas pistolas...

A Sheila nunca selle permitía ver mata-los cans. Ah Ying tivera as súas instrucións sobre iso. Tampouco a deixaran ir ve-los alfineteiros humanos no festival hindú de Thaipusam, cando ían en procesión, os seus corpos atravesados de longos pinchos de ferro, os Tamils ofrecidos ou penitentes... aínda que unha rapaza do seu curso fora ofrecida nunha ocasión, coma o foi o tío de Robert.

Robert latara do colexio para ir despedila ó aeroporto o día que Sheila marchou para Malasia. Por unha casualidade coincideu co director do colexio, un home con sona de disciplinario, que non tiña máis remedio que recoñecelo, xa que Rober fora capitán do equipo de cricket. Pero o vello non lle dixo nada: fixo coma se non pasara nada, detalle que a Sheila lle parecía ser moi significativo, aínda que non tiña moi claro de qué.

No avión, a Sheila tocoulle sentarse algo separada dos seus pais, na outra banda do corredor. Chorara con discreción, peño amargamente. Atopábase á beira dela un psicólogo checo con aire de trapalleiro que voltaba a Europa ó remate dun congreso internacional. Tentou de facer conversa agradable. Cando chegaron co xantar dos viaxeiros, o home díxolle algareiro:

—Xa verás, neniña... como che pasarán as penas cando vexas a comidíña que nos van poñer.

Daquela tiña dezasete anos, e o único que sabía era que voaba na dirección contraria a todo o que formara parte da persoa que fora Sheila Perry.

Agora tiña trinta. O mellor que podería facer era ir á Oficina Veterinaria da Coruña a busca-lo certificado de Sultán. Non habería problema ningún. Sheila puxo o coche en marcha, e con moita firmeza encamiñouse cara á Coruña. Non facía falla ter identidade para a Oficina Veterinaria.



exposición

MARIA JOSE CANITROT

Ante todo: planificar, organizar as cousas, ordear os acontecimentos, caóticos, do día. Colhia um livro, abria-o pola metade, lia-se numhas quantas linhas e, novamente, ao passar a folha, meditava em todo aquilo. Ante todo, sempre ficava aquela orde interna que a impulsava á programación das cousas, dos costumes máis ordinários polo feito que tinham de suceder-se inmediatos no tempo e o espácio. Bogava num debalo imensamente desesperado polos caminhos do reconhecemento ou da identificación, mas sem umha idea concluinte e rematada. Sem principios. As folhas amostravam, aplastante, o recodo dos objectos possuídos, envoltos, logo, numha inconsciência amnésica, e mortal.

Tam só umha brisa suave, decadente, inundava a ante-sala e no quarto, que para ela dispuxerom, gravitava de sempre um fume tenro e vaporoso. Precisara umha dúcia de noites para se ajeitar a aquela nova forma de viver. Cumprira ter todo bem disposto para pensar e sulagar-se na maranha de acontecimentos inabordáveis. Repassaria aquelas cartas recebidas na nenezia, as palavras repetidas, ouvidas e assimiladas durante, daquel jeito adormecido: no leito. Breves consignas que na memória levariam sempre essa pegada que nom se atopa logo em nengum sítio. Deixava-se levar logo da mao da música, das notas rimbombantes que fluíam cara ao sonho, e durmiam em el.


Umha espéncia de líquida evanescéncia verquia-se no corpo até ensonhá-lo num jardim sombrio e pestilente, até que o circo se fechava e, súpeto, debuxava-se um sol no horizonte de mar, de sosego.

Aquela cousa mimética que a emparantava com todo o que a arrodeava ou se movia, girava loucamente no fólio permanente do recodo, a precipitar-se num continuum de formas, galantes ao molde que lhes dotara de existéncia.

E agora, viver, a viver! Berravam desde nom sei onde até nom sabe ninguém, que dim que se ouvia o eco tolo o reverberava incansável e xordo, ao remate, quando já todos nos taponávamos os ouvidos querendo nom máis receber aquel shock. Todos amotinados diante de nom sabiam qué, detrás de nom sei quem berrou o último, tam só aquel enorme sol debuxado no céu brillava diante no médio daquela confusom geral, e lúdico, amonestava aqueles nubeiros grises que emborralhavam a sua grandilocuéncia magna.

Era como si o corpo fosse partícipe do movimento interno dos astros e, desafiando a natureza, devalara íntegramente cara ao orde arroupado na cinética e a vibraçom vertebrada dumha lei esquecida. Um máis descobremento que engadirá umha rendija de luz, suspicaz, á matéria de estudo. Somentes aquel sol dibuxado no céu.

Queimava no intre que reproduzia, case instántaneo, aquela ondeada de gases. . . mas, ao cabo, tamén iso leriamo-lo nalgumha parte.



MARÍA XOSÉ CANITROT

A LOITA DE RADUALFTÁ

I

Radualftá voltaba a sua namorada terra coas maos ronchosas e o fronte enrugado polo tempo naquela noite acoitelada por estrelas, carreiros de caridade pendurados dunha longa doenza sanguifenta.

II

A muller de Radualftá morrera nun solpor silandeiro coas derramadeiras raiolas do sol baixo as águas afondadas no seu ropaxe de escumas.

III

Cando atoparon o seu corpo, tras rastrexar sen acougo a beiramar, era melancónica estátua sulagada en néboa branca e os ollos escitilantes, mortos, fitando aínda a lonxania abismal onde se afonda a morte do guerreiro, salvaxe uliscador de feras nemigas.

IV

O castelo de Radualftá e a súa dona, fantasma medoñento na pedra derrubada, ficara intacto dende aquela noite, a do casamento, na que Radualftá prometera voltar axiña rente ao seu ronseiral se é que asesiñaba moitos daqueles espantallos de verme negro.

V

Un baldor de tristura percorreu a face da noiva que decidiu aquela noite fechar as pesadas portas da sua casa até o día no que Radualftá voltara das andadas co aneiro de bicar aquel fillo divino, moi de cedo abandonado á nai naquel paraxe medoñento.

E nai era un refuxelo dondo en soavidade para o fillo ilexítimo, e se nai morría un día calqueira o fillo sabería que Radualftá, o pai, fora un guerreiro de pureza que marchou a cumprir coa sua penitencia.

HELENA VILLAR JANEIRO

DEBAIXO DAS ACACIAS

Hortensia Gracia Holgado está sentada baixo das acacias na Praza do Concello.

Ten posta a capa azul. A única capa azul que hai nas rúas desta vila. Tena, ademais, ben conservada.

Nin sequera lle foi a máis o sete rachado no arame, cando houbo que coller a pelota do xardín do Serrano.

Eu teño moito medo de volver a aquela malleira.

É un sete moi pequeno, debaixo dun peto. Está exactamente igual. Igual.

Chega o sarxento García á miña casa. Eu como pan con chocolate —nunca volví comer o pan con chocolate—. Chega con moita calma e boas tardes a todos. Chama a meus pais a un lado e está falando con eles un bo pedazol. Meu pai deféndese. Miña nai cóllese a el polo cóbado. Despois acábase todo. O sarxento García abandona a casa tranquilo, como entrara, e dándolles a ma. Chámanme.

E ela mentras tanto sentada baixo das acacias. Coa súa capa azul e o seu pe tupino.

Eu cavilei sempre que o pe tupino era o dereito e resulta que é o esquerdo. Porque llo vexo agora, agora que se ergue para seguir a un merlo a ver se o colle.

Se o colle hamo de vir ensinar. Máis doado sería lle coller un pardal cría. Pero non todo ha ser sorte para Hortensia García Holgado. Non se deixan coller todos os páxaros, nin hai sempre un neno ó lado para o deixar morto e botarlle a el a culpa.

Como non colle o merlo, chama os nenos que pasan para a escola. Chámaos con esa voz atipladísima e o seu marcado seseo. Ofrécelles de todo: anises, caramelos, figos, lápices de cores, bonecos de papel coas súas roupas cambiabiles. Eu estou tentada a lles dicir que non se acheguen. Porque llelos nega. E quítallelos. E failles chorar. Pero eles xa non a oen. Pasan falando entre eles. E xogan coas súas maquiniñas electrónicas e cos seus xogos de auga. Todo o que ten alí Hortensia Gracia non lles interesa. E nin sequera a oen.

Esta mañá Hortensia Gracia está sentada debaixo das acacias coa súa capa azul.

Iso que xa non hai acacias, nin Praza do Concello porque tiraron todo. Soamente pasan os nenos para a escola. E non senten a súa chamada.

exclama

MARITA OTERO

"QUE ANDE A RODA..."

A VOLÁTIL SENSACIÓN DAS FORMAS
SUXIRE UNHA INEFICAZ PALABRERÍA
QUE PULULA ENTRE A LONGA SERIE DE
FALSAS VIVENCIAS. PERO A SÚA
FORMA REFLEXASE INDECISA, CASEQUE
INSEGURA, REBULIA PERCURANDO
UNHA FORZA IMANTADA SEN
SEDUCCIÓN. A SÚA SEMELLANZA CÓ
VACIO ERA TAN REAL QUE ELA MESMA
ADMIRABASE DA SÚA PERVIVENCIA

Sumerxeuse na complacencia dese impulso, na procura da imaxe que, de supeto, vistese de coores primaverais, de luces destellantes, de notas en crescendo, de apoteosis final e que se fai dona desos pensamentos diseccionadores. Unha imaxe que se expande o seu redor vixilante, concentrada, acosante. Baixou as escaleiras, unhas escaleiras recién fregadas, despedindo un cheiro a lexía que penetraba no nariz coma un intruso. Saeu a rúa e a mesma ambientación de todos os días estaba disposta desde había algunhas horas. O-llou a unha banda e a outra sen atopar un só signo que rachara o escenario. Todo estaba no seu sitio, desempeñaba a súa función sen que nada alterase o discurrir do cotidiano. O seu pensamento cubría pequenas distancias, tratando de evocar o ensamblaxe que asociaba cada un dos sonos que tan mal sabor de boca producironlle; sin embargo o alcohol, tragado durante a noite, desorbitara as imaxes que tan falsamente quería enlazar. A resaca a obrigaba a sorrir e a suavidade coa que se deslizaba entre os raios do sol prometía unha beatífica actitude diante do próximo espello no que la contemplarse.

Encetou a camiñar en círculo, non porque estive-ra perdida ou desorientada nin siquer era a semiinconsciencia da resaca; era tan só a necesidade de sorprender as olladas das xentes que unha e outra vez atopábanse detidas no seu universo de maqueta. Gostáballe vislumbrar, nunhos ollos afeitos o costume, esa chispa que resplandece por unha milésima de segundo diante do asombroso.

Sabía que tería que dar algunhas voltiñas para converterse no centro de atención do panadeiro da esquina, do tendeiro, un cocheo mais alá; do vendedor de xornais, da señora do estanco; unha volta, outra e outra mais conquistarían sacalos, estraelos dos xestos de rutina, das máns artríticas, do solpor das horas tempraneiras, do fume dos seus cigarrillos, dos carraspeos guturais...

Acababa de chegar ao barrio e xa comenzaba o cansancio, xa coñecía os pequenos secretos que forman parte da familiaridade dos veciños. Agazapada na fiestra, controlaba os movementos das partidas de cartas no bar decorado de plástico e aluminio, a que horas pasaban clandestinamente a tomar unha "taza", os cafés de media tarde, os encontros casuais na mitada da rúa, os guiños camuflados entre sorrisos e enrugas, as palabras de saúdo, os interrogantes de modesta cortesía. Levaba conta dos sonidos dos despertadores, dos olores dos guisos, dos sabores das merendas. Descifraba desde o seu escondite todos os pormenores das visitas de rigo-r, das saídas da eirexa, da indiferencia entre enemigos, dos rutilantes cumpleaños, dos aniversarios, das palmadas de pesame, das bagoas de compasión, das calderillas obtidas nos bingos...

Repetíanse as esceas, xa chegou o intre de diferenciar as voces, as gargalladas, os asubios. Xa xurdiron os personaxes do barrio como elementos usuais, típicos e repetitivos.

Agora tocáballe rechar a copia, destruír a súa seguridade en horas, minutos e segundos. Ia irrumpir na montaxe, acortando, deste xeito, a confianza no ambiente, protexida con celoso coidado. Encetaba a sentir o marso, o xogo segredo desos ollos adormilados. Decatabase que, volta t-ras volta, o efecto abriase camiño arrastrando as pezas tras das que se parapetaba a inercia. Propuñase emborrachalos.


O vertigo do desequilibrio tomaría corpo, enxugando suores de sol primaveral cós reflexos de burdos preparados. As aceras rebulían e os sonidos das pisadas despertaban a teatralidade de mecanismos adeprendidos, xeneración tras xeneración. Xa a desolación despertaba as facianas que, pouco a pouco, palidecían.

Atronadoramente exultaban expectación, cruzábanse esixindo o remate de semellante trivialidade. Erguíanse aterrizados polo crescendo dos seus impulsos que os ían empuxar ao oco do ridículo. Pero ninguén se atreveu a deter aquel tiovivo que unha vez e outra atacaba a súa estabilidade de rectos e concienzudos cidadanos.

Daban xa pequenos pasiños, sempre a súa dereita, aínda non se sentían definitivamente estimulados pero o paroxismo da irrealidade os englutía, os imantaba. Rezo-ngaban coma nenos diante da boa ou mala educación. Os paso-s eran cada vez mais continuos, mais longos e sen percibir a súa falla de compostura foron incorporando-se a ese paseo en círculo sen acadar a súa imaxen de respetabilidade e enloquecidos polo discurso rutinario das voltas diron vida a outra infernal estrutura.

INDICE

- 2, Aclaración.
3, 4, 5, Francisca Herrera Garrido
por Camino Noia.
6, 7, 8, 9, Néveda, primeiro acer-
to por M. Ríos Panisse.
10, Textos Críticos.
11, 12, 13, Entrevista con D. Ri-
cardo Carballo Calero por
M. Xosé Queizán.
14, 15, 16, As Narradoras Gale-
gas por Isabel Mouriz.
17, 18, 19, "Almas de Muller...
¡Volalla n'a Luz!" por Ana
Romaní e M. Xosé Canitrot.
20, 21, 22, Antoloxía Francisca
Herrera Garrido.
23, 24, Olimpia Valencia, o femi-
nino na historia por M. del
Carmen Pérez Pais.
25, 26, 27, 28, Galicia e a Mu-
ller en 'Amantia' por Car-
men Blanco.
29, 30, ¡Qué Educación! por Su-
sa Juanatey.
31, 32, 33, Vicent Marqués, do
sexo por M. Xosé Quei-
zán.
34, Chamamehto.
35, 36, Recital Rosalía en Com-
postela por Amanda.
37, 38, Festa da Palabra con Ro-
llá.
39 a 50, CREACION:
Emma Luaces
Ana Romaní
Cristal,
Charo Pita
Rita Más Ybañez
Marisé Alvarez Bugallo
Ana Antonio
Carys Evans
M. José Canitrot
Helena Villar Janeiro
Marita Otero



De este número de

venta da palabra silenciada

faise unha tirada
de 1.500 exemplares a 300 pesetas.
Sae o 15 de xaneiro do 1986.

Depósito Legal VG-241-1983.



3

perda da palavra silenciada

